

Daniel Pernas Nieto
Fala das Musas
e outros poemas



XUNTA DE GALICIA

Daniel Pernas Nieto

Fala das Musas

e outros poemas

Edición de Armando Requeixo

Colección Láncara de Poesía
Director: Luís Alonso Girgado

Edita:

Xunta de Galicia
ConSELLERÍA de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador Científico:

Manuel González González

Director Técnico de Literatura:

Anxo Tarrío Varela

© Desta edición: Armando Requeixo

© Ilustración de cuberta e páxina 45: Juan Vidales Pousa

© Fotografía de Daniel Pernas Nieto da páxina 7: Arquivo Manuel Pérez Bello

Maquetación e impresión:

Grafisant, SL (Santiago de Compostela)

ISBN:


978-84-453-5164-2

Depósito legal:

C 1756-2014

Índice

Estudo introdutorio	9
Apuntamentos biográficos	13
Nótulas poéticas	18
Recepción crítica e actualidade da obra de Pernas Nieto.	31
A presente edición.....	41
Bibliografía seleccionada.....	42
Fala d'as Musas.....	47
Prólogo, por Álvaro Cunqueiro	51
Outros poemas.....	97
Recensiós e notas.....	133



Estudo introdutorio

A figura e a obra de Daniel Pernas Nieto leva anos arrombada nun discreto segundo plano. Ben poucos foron os que nestas últimas tres décadas lle dedicaron sequera a atención dunhas liñas e aqueles que o fixeron limitáronse a reiterar os xuízos críticos que vertera sobre del Ricardo Carballo Calero na súa referencial *Historia da literatura galega contemporánea*.

Hai ben tempo que, consciente deste esquecemento, levaba remoendo na idea de recuperar a escrita do autor, mais a decisión de facelo naceu no proceso de documentación que me conduciu á publicación en 1998 da monografía *Escritores mindonienses*. Durante os traballos de baleirado hemerográfico e consulta de arquivos varios que entón levei a cabo, decateime de que o que os investigadores sabiamos verbo deste crego abadinense formado no Seminario Conciliar de Santa Catarina era más ben pouco: apenas que publicara un libro de versos, *Fala d'as Musas* (1936), as datas e lugares de nacenza e pasamento e, no mellor dos casos, algunha outra indicación biográfica puntual, a maior parte das veces referida aos seus destinos como párroco.

Foi entón, durante as angueiras na procura da información necesaria para botar adiante a redacción daquel libro, cando fun descubrindo que a metade da súa producción poética ficaba aínda espallada polas más diversas revistas e xornais, moitos deles de ben difícil acceso. Mesmo resultaba tarefa case que imposible ler o seu único poemario, pois ninguén se ocupara de o reeditar malia ter transcorrido xa máis de medio século dende a súa aparición. Canto máis, xaora, ser capaz de dar con calquera perfil biográfico sobre do poeta que non padecese de anemia severa.

Entendín, daquela, que definitivamente algo chamaba por min: a devoción á escrita mindoniense da que Pernas Nieto é historia e na que tiven a fortuna inmensa de me formar.

E velaí as razóns que xustifican a edición que agora se presenta, que non tería chegado a bo porto sen a complicidade editora de Luís Alonso Girgado, quen dende o primeiro momento

acolleu con ben a idea de recuperar os versos de Pernas Nieto e acordou co noso común colega Anxo Tarrío a publicación dos mesmos na colección Láncara que os dá á luz.

A ambos grazas por facer seu este proxecto de edición e bei-zóns tamén aos amigos que me facilitaron informacións valiosas para a súa confección (nomeadamente a Claudio Rodríguez Fer, Emilio Xosé Ínsua e Xosé Isidro Fernández Villalba), e ás bibliotecarias que me proporcionaron o acceso a importante material hemerográfico (Alicia Tella-Villamarín Ferreiro, Rusé González-Redondo e mais María Jesús Rañón Ríos) o meu recoñecemento pola súa colaboración incondicional.

Apuntamentos biográficos

Daniel Pernas Nieto naceu na media noite do 25 de setembro do 1884 no lugar dos Carballiños, da parroquia de Santiago de Quende, pertencente ao concello norlucense de Abadín. Foi bautizado ao día seguinte como fillo natural de Josefa Nieto Villegal, sendo neto por parte materna de Luis Nieto Fraga, natural tamén de Quende, e Josefa Villegal González, veciña da parroquia de San Xoán de Romariz, que tan ben cantou Noriega Varela.

Ao cumprírense xusto os dous meses de vida do pequeno, seu pai, Luis Pernas Prieto, lexitimouno casando con súa nai en San Pedro de Candia, lugar do que este procedía, se ben seus pais viñeran residir alí dende outros lugares: Juan Pernas, avó do neno, proviña de San Xoán de Lagoa, no concello da Pastoriza, e a súa muller, Juana Prieto, era nada en San Xoán de Castromaior, tamén en terras abadinenses.

Sendo áinda moi novo foi vivir con seus pais e irmáns a Mondoñedo, a unha vivenda da rúa Rigueira. Na cidade episcopal ingresou no Seminario de Santa Catarina, onde permaneceu entre os anos 1897 e 1907 para estudar tres anos de Latín, outros tantos de Filosofía e catro de Sagrada Teoloxía, cunhas cualificacións abondo positivas que inclúían varios *meritisimus*, moitos *benemeritus* e só uns cantos *meritus*.

Sería neste ambiente propicio do seminario mindoniense, berce de tantos e tan significados homes de letras, onde abrollou a habelencia versificadora do mozo Pernas Nieto, quen deu a coñecer as primeiras composicións poéticas por este tempo.

Como era de agardar, a súa estrea como poeta produciuse en dúas revistas de ámbito comarcal. Unha delas, a satírica *¡Guau... guau!*, radicada en Foz e capitaneada, entre outros, por Antón Vilar Ponte e Antonio Noriega Varela. A outra, o quincenario *De todo un poco*, editado na propia sé bispal e dirixido polo político, articulista e impresor César González-Seco Romero, pai da esposa de Álvaro Cunqueiro.

Nestas dúas publicacións aparecen, en 1906, os primeiros versos de Pernas Nieto, daquela aínda un rapaz seminarista de vinte e un anos. Composicións moi tinguidas polo paisaxismo emulador do mestre Noriega Varela ou debedoras das circunstancias, como o poema “Caridá”, que se publicou cunha nota na que se aclaraba que fora lido polo autor durante o transcurso dunha velada benéfica en favor da familia do pirotécnico local José A. Fernández, a quen lle arderan as instalacións da súa empresa deixando a familia nunha delicada situación económica. Unha aclaración esta, por certo, que se mantivo ao ser incluída esta poesía en *Fala d'as Musas*, sendo o único poema que ten unha nota anteposta.

Durante algo máis dun lustro e ata case mediados da década seguinte Pernas Nieto vai, aos poucos, ampliando e diversificando as cabeceiras nas que participa á vez que remata a etapa formativa como seminarista, sendo ordenado de tonsura e ordes menores o 18 de abril de 1908, día de Sábado Santo, para pasar logo polo graos de subdiácono o 13 de xuño dese mesmo ano (polas temporas da Trindade), diácono o 6 de marzo do ano seguinte e, finalmente, ser ordenado sacerdote polo bispo mindoniense Juan José Solís Fernández o 18 de abril de 1909. Pouco despois, en xaneiro de 1910, obtivo o primeiro destino como coadxutor na parroquia de San Pedro de Xuances, daquela pertencente ao concello de Viveiro, actualmente parte do de Xove.

É este o tempo no que a súa sinatura vai aparecer tamén en medios de alén mar, como *Galicia* ou *Follas Novas* da Habana e *Nova Galicia* de Buenos Aires, ou do resto do Estado, como a revista madrileña *Galicia*, colaborando igualmente con outros xornais de bisbarras próximas como *El Eco de Villalba* e, por suposto, de orixe mindoniense, como *Pensamiento Católico*.

Na súa traxectoria como poeta prodúcese un punto de inflexión por volta de 1913. Neste momento —e dende setembro de 1912— exerce como relixioso na parroquia de San Xoán

de Insua, no concello de Ortigueira. Dende alí envía á viguesa *Ilustración Gallega* as primeiras colaboracións nas que figura expresamente a indicación “Del libro próximo a publicarse *Fala d'as Musas*”, nota que despois volvería repetirse con frecuencia noutras entregas poéticas.

Xa que logo, nesta altura o poeta tiña madurado a idea de editar por xunto as súas poesías nun volume e mesmo pensara un nome, título que, cómpre subliñalo, seguiu conservando cando, case un cuarto de século máis tarde, acabou por se publicar o libro.

Este feito explica por que grande parte dos poemas incluídos en *Fala d'as Musas* teñen unha (ou moitas, segundo os casos) versión en prensa anterior e dá razón da heteroxeneidade dos temas, pois o escritor procedeu na súa composición por simple adición, sen ocuparse de idear unha obra orgánica, previamente deseñada no estrutural, xa que o que no libro lemos é a suma da recolleita do material antes dado a coñecer nos medios ao que engadiu algunas composicións novas de parello xorne.

Ao longo da segunda metade da década de 1920 e a primeira de 1930 a sona como poeta de Permas Nieto vai medrar na bisbarra mindoniense e a súa contorna, o que se traduciu en novas colaboracións para medios como os xornais *Heraldo de Vilalba* e *La Voz de Mondoñedo* e revistas foráneas como a cubana *Eco de Galicia*. Esta certa popularidade adquirida polo de Quende viuse referendada coa súa presenza en actos públicos nos que se demandaba a súa participación, como no relatorio que impartiu o 27 de xaneiro de 1918 no Salón de la Juventud Antoniana de Vilalba baixo o tema “La fe ante los ideales” (que rematou coa lectura do poema “De Romaxe”) ou a conferencia que, co título de “El sentimiento de lo bello”, impartiu tamén en Vilalba no Centro de Artesáns o 1 de decembro de 1927, sendo presentado naquela ocasión por Antonio Peña Novo e lendo no transcurso da mesma composicións como “O labrego indo pra chousa”, de todo o cal queda constancia na prensa da época.

Doutra parte, estes dous lustros longos foron tamén tempo de trasladados nos destinos sacerdotais que lle tocaron en sorte. Así, abandonada a súa parroquia en Ortigueira, pasou a exercer como cura ecónomo en Santa María de Vilavella, nas Pontes de García Rodríguez, onde estivo entre marzo de 1916 e agosto de 1923. Pouco despois, en xullo do ano seguinte, tomou posesión e colación canónica da parroquia de Santiago de Baroncelle e a súa unida de San Pedro de Aldixe, ambas as dúas na parte do concello de Abadín pertencente á chreira luguesa.

Os convulsos anos trinta trouxeron nos seus comezos claroscuros ao poeta. Dunha banda, prestixiosas revistas e xornais da época contaron coa súa pluma, como o semanario *Vallibria* ou a revista mensual *Hoy*. Doutra parte, o ano de 1930 foi para el de infausta memoria, pois no mes de setembro morreu, aínda novo, seu cuñado José Castañeda Jurado, mestre compositor e director que fora da Banda Municipal de Música de Ferreira do Valadouro e do Orfeón Veiga de Mondoñedo. Na súa lembranza escribiu Pernas Nieto un sentido e conmovedor poema de ton elexíaco.

Como é ben sabido, coa chegada do verán de 1936 e o estourido da Guerra Civil todo cambiou para as nosas letras e para a Galicia e a España de liberdades que ata entón existira. Así as cousas, o esperable era que aquel vello proxecto acariñado por Pernas Nieto de ver impresas en forma de libro as súas poesías seguisse a agardar por tempos menos avoltos e más acaídos. Mais, contra todo prognóstico, o escritor de Quende decidiuse a dar este paso adiante e con data do 11 de novembro dese ano solicitou ao bispo de Mondoñedo, á sazón Benjamín de Arriba y Castro, lle concedese a correspondente licenza eclesiástica para “dar a la publicidad un libro de poesías gallegas que lleva por título *Fala d'as Musas y (...)* que nada contiene contra la Fe y las buenas costumbres”, permiso que lle foi concedido polo amentado bispo e que posibilitou que, tal como reza o colofón da obra, esta saíse o 23 do nadal da Imprenta de Fojo, en Santa Marta de Ortigueira.

A partir dese momento, e nos anos seguintes ata o seu pasamento, diferentes cabeceiras van facerse eco da existencia do libro. Máis aínda, non foron poucos os xornais e revistas que chegaron a reproducir textos del, como, poño por caso, *Cultura Gallega* ou *El Compostelano*, reproducións que alternarían coa aparición de novos materiais poéticos como os que viron luz nas páxinas de *La Voz de Ortigueira* —onde algunhas das composicións entón publicadas se anunciaron como formando parte “Del 2º libro *Fala d'as Musas*, en preparación”—, *Vida Gallega* ou *As San Lucas*.

Mais a materialización daquel vello soño de ver impresos en libro os seus versos produciuse para o escritor de Quende cando este tiña xa unha certa idade. Con cincuenta e dous anos cumplidos non é de estranhar que non moito despois da saída de *Fala d'as Musas* o crego Pernas Nieto empezase a padecer algúns alifafes que o limitaron no seu quefacer. Tanto é así que, con data do 12 de outubro de 1939, houbo de se dirixir ao bispo de Mondoñedo para renunciar á propiedade da parroquia de Santiago de Baroncelle e a anexa de San Pedro de Aldixe por sufrir unha grave afección reumática, tal como se detallaba no certificado médico que ao efecto de acompañar a súa petición expedira o doutor de asistencia pública domiciliaria do concello de Mondoñedo Ramón Canoura Balado.

O resultado de tal xestión foi a suspensión do seu destino en terras abadinenses, pasando a recollerse máis preto do val mindoniense —concretamente nas parroquias de Argomoso e Lindín—, iso si, logo dunha breve estadía polas terras focegas de San Pedro de Fazouro, onde andou de ecónomo en 1944.

Malia todo, a saúde do poeta acabou por fraquear cada vez máis, polo que se veu impelido a abandonar a cura de almas en Argomoso e Lindín para recollerse no Asilo de Mondoñedo.

Ingresado no Hospital de San Pablo de Mondoñedo, o dezaoito de xullo de 1946, ás tres da tarde, morreu de diabetes con sesenta e un anos cumplidos Daniel Pernas Nieto, sendo presbítero diocesano.


Nótulas poéticas

Como xa fica sinalado, o total da producción poética coñecida de Pernas Nieto repártese entre o seu único libro editado en vida, *Fala d'as Musas*, e as relativamente numerosas composicións que deu a coñecer en prensa e que, ata o de agora, permanecían sen compilar.

Agora ben, cómpre aclarar, antes de seguir adiante, que entre ambos os dous conxuntos de textos non existen diferenzas substanciais nin no temático nin no estilístico. Son, pois, poesías nacidas dun mesmo impulso creador e que non fosen reunidas todas no mesmo volume explícase únicamente por cuestións de preferencia autorial (entre as aparecidas antes da publicación do libro o de Abadín tería escolmado aquelas que máis o convenceron, desbotando outras que continuaron arrombadas ata hoxe nas páxinas de revistas e xornais) ou por terse publicado con posterioridade á saída do libro.

Respecto destas últimas, hai que facer notar que unha proba inequívoca de que o propio Pernas Nieto asumía como un proxecto aberto a inclusión da súa producción en prensa nun posible novo volume de versos é o feito de que algúns dos poemas que enviou ao periódico *La Voz de Ortigueira* no outono de 1937 foron imprentados cunha nota a pé na que se anunciaban como tirados “Del 2º libro *Fala d'as Musas*, en preparación”, tomo que, como se sabe, endexamais vería luz.

Por tanto, nas páxinas seguintes van ser tratados por separado estes textos, mais é preciso insistir en que tanto os éditos coma os non compilados forman parte dun *continuum* poético autorial e que, só por razóns operativas, aquí serán abordados de xeito individualizado.



Fala d'as Musas

Fala d'as Musas

Nas planas dedicadas á biografía do escritor tense referido como a publicación de *Fala d'as Musas* foi unha empresa de longa xestación. Que, ao final, a obra se tirase do prelo na data na que o fixo seguramente non supuxo para o autor ningunha outra lectura que a do gozo de ver editados, por fin, en forma de libro os seus versos.

Pero acontece que, en paralelo a este feito de orde puramente literaria, contemplado dende a actualidade a aparición en decembro de 1936, case medio ano despois do estourido da Guerra Civil, dun volume escrito en galego ofrece unha lectura socio-literaria de indubidable interese. É máis, cabería preguntarse: ¿como foi posible tal?

Xa se explicou tamén que o texto obtivera a licenza eclesiástica sen maior problema. Mais, ¿tería sucedido o mesmo se o seu autor non fose crego e, sobre todo, se os temas dos que tratan os seus versos non fosen os que son? Sinceramente, coido que non. De feito, un breve repaso aos títulos que durante o período bélico e áínda nos anos inmediatamente posteriores foron publicados confirma a evidencia de que as novas autoridades censoras tan só permitiron a expresión literaria en lingua galega en contadas ocasións, baixo o amparo sempre da profesión relixiosa de quen asinaba a obra ou ao abeiro do inocuo do seu tradicionalismo más popular.

Así as cousas, o 23 de nadal de 1936 imprentouse, tal como figura no colofón do libro, *Fala d'as Musas*, que reproduce na cuberta un bucólico gravado do ilustrador mindoniense Bernardino Vidarte (Bos Aires, 1910-Mondoñedo, 1981). E esta, como se verá, é a primeira das sorpresas que unha reconsideración atenta deste poemario proporciona: ¿como permitiu a censura que un artista que fora secretario da delegación do Partido Galeguista en Mondoñedo e que, como tal, chegou mesmo a asinar artigos en defensa do labor dos deputados deste partido

en Madrid fose o ilustrador elixido para debuxar a soleira daquel tomo?

Doutra banda, que Pernas Nieto solicitase a súa axuda é moito máis doado de comprender, pois ambos compartiron angueiras como colaboradores da revista *Hoy e*, amais, a súa coincidencia nos faladoiros culturais mindonienses en compañía do seu común amigo e prologuista do libro Álvaro Cunqueiro era tamén ben coñecida.

Canto á participación deste último no volume en calidade de prologuista, xa no seu día o profesor Ricardo Carballo Calero deixou escrito que o retrato que do autor e da obra fixera Cunqueiro xogaba co metafórico e elusivo servíndose dunha lingua vaga.

Sen pretender quitarlle a razón ao mestre ferrolán, que a ten, entendo que as palabras de Cunqueiro non só eran habeleniosamente inconcretas, senón que, en moitos casos, quixeron ser deliberadamente anfibolóxicas. ¿Que quere decir Cunqueiro cando presenta a poesía de Pernas Nieto como de “verso limpio en cuanto a una preocupación esencial”? ¿Quere acaso decir que se preocupa con, digamos, “nobreza” do verdadeiramente “importante”? ¿Ou quere suxerir que as súas composicións fican “varridas”, “ocas” se o que buscamos nelas é algo transcendente, esencial? Aínda mellor é a aclaración que prosegue; escribe Cunqueiro: “no vale ante verso tan simple, tan de sentido natural e íntimo, el discurso estético”. ¿Cal é o valor de *simple* aquí? ¿Por que non vale o discurso “estético”?

Como se bota a ver —e poderíanse multiplicar os exemplos—, Cunqueiro debeu recibir a petición de Pernas Nieto para elaborar un proemio e tal encarga debeu poñelo entre a espada e a parede: non querería (e o que é máis importante, tampouco podería, debido á súa delicada situación política como “converso” recente da causa nacional, sabedor como era de que aínda se tiña moi presente o seu pasado “inaceptable”) desairar un amigo crego e, por outro lado, tampouco lle agradaría deixar por escrito á

posteridade loas dunha poesía que non sentía próxima no estético. Agora ben, esas gabanzas eran xusto as que Pernas Nieto probablemente quixese ler do seu *amigo* prologuista. Velaí o conflito e a razón de tan maxistral prólogo disémico.

Sexa como for, o caso é que entre os valores que decote se sinalan para *Fala d'as Musas* sempre figura, entre os más destacados, o acerto na escolla do afamado prologuista, do que non cabe dúbida á vista do virtuosismo do que o xenio mindoniense fixo gala para escribir un introito a un tempo tan lucido coma lúcido.

Á parte do proemio, o libro conta tamén con outro paratexto: unha cita inicial que recolle o moi célebre comezo das *Tristia* de Ovidio (reproducido en latín e logo, curiosamente, traducido ao castelán). De novo, a razón do por que destas verbas como cabezaleiro do poemario ábrese a múltiples interpretacións: Pernas Nieto talvez os dispuxo aí como simple *captatio benevolentiae*, amosándonos a súa humildade como facedor de versos; ou ben quixo evidenciar que o obra podería chegar a lugares —a lectores, persoas por tanto— que el mesmo non conseguiría alcanzar; ou, quen pode saberlo, se cadra ocultan unha mensaxe à clef hoxe xa, transcorrido tanto tempo, de moi difícil concreción. Sexa como for, de seguro que a súa escolla non foi gratuíta.

Tras os paratextos o volume reproduce vinte e seis composicións, todas elas, agás tres, co seu correspondente título. Non figuran divididas en seccións e tampouco semella haber nelas ningún criterio reitor que as ordene, nin temático nin alfabetico nin sequera cronolóxico a través da data de composición, pois xustamente o derradeiro dos poemas é un dos primeiros que deu a coñecer na prensa.

A heteroxeneidade da selecta é, por tanto, manifesta, xa que reúne textos escritos nun lapso de tempo moi dilatado (entre 1906 e 1934) e a súa nacenza respondeu a motivos ben diversos (poemas de circunstancias, resposta a peticóns dos medios con-

memorando efemérides, textos de celebración de determinadas datas anuais...).

Secasí, é posible distinguir tres liñas temáticas principais nas páxinas de *Fala d'as Musas*: un grupo de poemas de marcado ton relixioso, un segundo conxunto, máis numeroso, de etnopoemas e un feixe último de composicións de natureza social.

Como non podía ser doutra maneira, sendo como era Pernas Nieto un pastor de almas, algúns dos textos insírense de cheo no eido da poesía relixiosa, se ben con diferentes matices. Así, xunto a creacións claramente devotas como “A Naiciña d'os Remedios”, cantar mariano dedicado á advocación da Virxe que se venera no Santuario dos Remedios mindoniense (texto, por certo, co que se abre o libro), tamén figura no poemario algunha outra contada composición que, sen deixar de lado o seu natural recender confesional, amplía as perspectivas de lectura cara á reflexión espiritual e religacional (“Eu cando penso n-a vida...”). Mais, ten de dicirse, a maior parte destes textos ancoran no tradicionalismo cristián, tomando forma de cantos á Inmaculada Concepción (“Desfeito en bágoas que cristal somellan...”), ás datas natalicias (“O poeta i-o Ano Novo”) ou mesmo ao herdo recibido da Fe (“Déixame solo”).

Do mesmo xeito, tamén son notorios no libro os etnopoemas, que acostuman adoptar dúas modulacións básicas: ou ben se presentan baixo a apariencia de poesías descriptivistas de tipos ou tradicións populares ou ben afondan nun paisaxismo enxebre. Ao primeiro grupo habería que adscribir pezas como “A velliña”, dedicado á tópica figura da mendicante, ou “Cantigas”, sobre o personaxe igualmente moi recorrente da rapaza que vai muiñar. Por suposto, a este conxunto pertencen tamén textos sobre tradicións propias como a estampa dos aldeáns camiño da festa (“Indo pr'a festa”), os cantares de romaría (así en “D'a romaxe d'o San Cosme”, santuario e romaxe tamén enxalzados por

outros mindonienses como Eduardo Lence-Santar ou Antonio Noriega Varela) e mesmo a visita do mozo á casa da moza para xogar a partida (“O xogo d'a brisca”). Pola contra, son máis nidiamente paisaxistas poesías como “D'a miña i-alma”, “O río Mera” ou “A montaña”, nas que se loa a fermosura dos vales, picoutos, prados, veigas e ríos do “chao galiciano”. Mención á parte merece un poema como “Seixo branco”, envolveito nunha atmosfera telúrica de grande poder evocador que converte este texto nun dos más logrados de toda a obra.

Á vista do expresado, comprenderase mellor por que esta poesía de Pernas Nieto zumega verso a verso amor aos eidos de noso, imbuída dun espírito franciscanista (moi na liña noriega-na) e inzada de tópicos da retórica clásica virxiliana, horaciana e ovidiana (dende o *Beatus ille* ata o *tempus fugit* pasando polo *contemptus mundi* ou o *locus amoenus*).

Por tanto, non parece haber dúbidas sobre a idoneidade dun volume como *Fala d'as Musas* para o Régime nacionalcatolicista e tradicionalista conservador que tivo a ben permitir que se publicase rematando 1936. Mais, o que sorprende é que no libro se deixasen ir textos como “Afirmación”, “Salaios”, “Unha carta pr'a lua” ou “Da conta”, onde, se ben é certo que o grosso da crítica se concentra na problemática migratoria, tamén é verdade que moitos dos seus dardos van dirixidos á clase caciquil, dunha extracción abeirada aos novos grupos de poder nacidos da sublevación fascista, e aínda que hai diatribas contra o labor do Congreso ou mesmo afeando os inútiles “mendos” resolutorios de Azaña, tamén é evidente que estes poemas se posicionan de modo moi claro do lado dos labregos desvalidos, asoballados pola nova oligarquía arredada do mundo operario e traballador, sempre en defensa desa Galicia que “alenta” ao poeta, mesmo gardando no peito as “lembranzas d'o Celta” e, en todo caso, denunciando: “miña terra, terriña querida,/ que soia te quedas,/ que os homes que inda non te conocen/ así te desprecean/ vindo logo de terras extrañas/ sin sangue n-as venas”.

Véxase dende o ángulo que se vexa, o pouso que deixa a lectura destes poemas é, cando menos, dun acedume denunciador do malestar social de Galicia a mans de quen eran os aliados naturais dos sublevados (caciques e oligarcas) tan pronunciado que non debería ter sido visto con moito agrado polas novas autoridades, empeñadas en negar calquera posibilidade de expresión que cuestionase realidades sociais.

Finalmente, en *Fala d'as Musas* hai lugar tamén para algunhas outras poesías que non responden exactamente a ningunha das tres liñas sinaladas. Son textos como “Contiño”, ensarillado de sentenzas populares que perpetúa a visión machista do reparto de papeis no casal, ou o poema co que se finda o libro, “Caridá”, composición peticionaria e de circunstancias que naceu para apoiar unha causa benéfica a prol dunha familia golpeada pola mala sorte e que, polo mesmo, se centra na descripción desa ruín fortuna e no rogo do apoio popular aos afectados.

Outros poemas

Aínda que unha parte non pequena dos textos de Pernas Nieto localizados na prensa son versións previas ou reproducións dos poemas incluídos en *Fala d'as Musas*, tamén sucede que outro número non despreciable deles está conformado por poesías que non figuran no libro.

Ata onde se sabe neste estadio investigador, os textos poéticos non compilados do de Quende ascenden a dúas ducias e foron editados nas máis diversas cabeceiras tanto da Galicia da Terra como da emigración, vendo luz ao longo dun esteso período de tempo que abrangue varias décadas (máis concretamente: dende 1906 a 1941).

Por descontado, non só é posible, senón mesmo probable, a existencia dalgúns poemas non recollidos na presente edición que ficasen agochados nalgunha publicación que non se consultou, ben por desconecemento da presenza de colaboracións de

Pernas Nieto neses medios, ben por non ter conseguido acceder a cabeceiras nas que a sospeita de que o de Abadín colaborou é máis que certa.

Neste sentido, quero deixar aquí expresa constancia de que se me negou, en reiteradas ocasións e durante varios anos, a posibilidade de consulta do periódico *La Voz de Ortigueira* por parte da súa actual propietaria, polo que non debe descartarse a posibilidade de que nese semanario histórico existan colaboracións de Pernas Nieto diferentes ás que se incorporan nesta edición.

Noutra orde de cousas, e como xa quedou anotado, estes poemas non compilados en libro por Pernas Nieto seguen, grosso modo, as liñas temáticas xerais indicadas para a producción contida en *Fala d'as Musas*. Xa que logo, tamén aquí é posible descubrir textos de carácter relixioso, paisaxísticos e de costumes, sociais e de circunstancias.

Entre as poesías relixiosas cóntanse “A Virxen Inmaculada”, canto mariano á Nai de Deus como intercesora, e “Volverei, ña dona”, dedicada á advocación da Virxe do Monte, que celebra romaría na capela do mesmo nome en Sistallo, parroquia do concello de Cóspeito, romaxe esta, por certo, que anos despois volvería cantar outro grande poeta chairego, Manuel María, no afamado *Terra Chá* (1954). Mais tamén existen outros textos en defensa dos valores da fe católica en xeral (“Mística”) e mesmo algúns dogmaticamente más incisivo, como o poema “Un sono”, que carga directamente coa artillería máis tridentina contra o rexeneracionismo krausista que por aqueles anos promovía a Institución Libre de Enseñanza.

Outro bloque importante de composicións profundan na paisaxe e a paisanaxe galegas. Paisaxismo franciscanista é o que se reflicte en “Felicidá” e o menosprezo da Corte e a loanza da aldea que quería o que fora célebre bispo mindoniense, Frei Antonio de Guevara, tamén se descobre nunha peza como “A romeira”. Complementariamente, é posible ler tamén gabanzas

de orgullo localista (“A Mondoñedo”, “O pazo do noso Señor”) e versos en defensa dos eidos montañeses fronte ao espazo costeiro (“Dios t’ampare”).

O achegamento á vertente humana desta xeografía prodúcese a través da descripción da dura realidade labrega, coas súas xustezas e miserias, en textos como “Ruxen os pinos en son de guerra...”, aínda que tamén poden lerse retratos de tipos (“O chairego”), poesías sobre a crítica de costumes (“Ben poden facer monteiras...”), conminacións á decencia (“A beira d’o teu lindeiro...”), textos contra a lacra da emigración (“Escarmentado”) ou sátiras contra os emigrantes retornados que se amosan como desleigados, esquecendo a lingua nai e coidando que con cartos todo se amaña (“Cousas d’un habanero”).

Onde se aprecia unha más acusada deriva destes poemas non compilados respecto dos incluídos en *Fala d’as Musas* é sen dúbida nos textos de índole social, que aquí se amosan políticamente moi combativos, cun antirrepublicanismo ardoroso e nacionalcatolicista que, seguramente, se veu favorecido por seren poemas publicados en plena contenda, como sucede con “Ano d’a fame” e “Parola de nenos”.

Canto á poesía de circunstancias salientan os versos en recordo de seres queridos que desapareceran, o que é ben perceptible nun texto como “Lembranzas”, pero, sobre todo, na elexía “Lembranza daqueles tempos...”, dedicada a quen fora seu cuñado, o músico José Castañeda Jurado, morto prematuramente en 1930.

Mención á parte precisan os dous derradeiros poemas inseridos nesta edición. Ambos son reproducidos a partir dos traballos antolóxicos de Félix Villares Mouteira, quen non os dá como inéditos, pero que tampouco indica de onde os tomou, talvez por manexar recortes de prensa e ter esquecido (ou perdido) esa información. Figuran reproducidos, pois, baixo a data na que foron recuperados, 1984, mais esta extemporaneidade non debe apar-

tarnos da verdadeira realidade cronolóxica dos textos, que, polas alusións dun deles aos “vellos caciques”, podería corresponderse cos anos vinte ou trinta do pasado século. En todo caso, ambos e dous entrarían de cheo no capítulo laudatorio á xeografía mindoniense, un en forma de canto bucólico ás antigas feiras e festas sanluqueiras e outro ponderando xenerosamente as excelencias do seu doce típico por excelencia, a torta.

Outros textos

Como escritor, Pernas Nieto foi esencialmente poeta en lingua galega. Agora ben, de xeito ocasional cultivou tamén outros xéneros como o relato ou o ensaio e mesmo deu ao prelo algunha colaboración en lingua castelá.

En galego está escrito o único relato que coñecemos do autor, titulado “O agradecemento” e aparecido na revista mindoniense *Hoy* do 14 de abril de 1933. Trátase dun conto que bebe directamente do substrato da nosa literatura de tradición oral e que narra, cunha linguaxe sinxela e uns diálogos benhumorados, unha anécdota enxeñosa ocorrida entre un espelido galego, pobre xornaleiro emigrante, e un acacicado alcalde palentino.

En castelán publicou no eido poético diversas composicións, varias delas de tema relixioso (“Aleteo”, *Heraldo de Villalba*, 18-6-1916, “El Árbol de la Cruz”, *As San Lucas*, 1941 e “En un álbum”, *El Progreso*, 23-11-1941) e algunha outra en maior medida escorada ao reflexivo e existencial en sentido amplio (“Simbólica”, *Ilustración Gallega*, 15-10-1913, logo reproducida so o título de “Rebeldía” en *Hoy*, 14-5-1933) ou mesmo de pegada política (“Carta abierta”, *Renovación*, 128, 18-8-1928).

Por último, son tamén da súa autoría outros textos en castelán, como a prosa lírica de tema paisaxístico “Ráfaga” (*La Juventud*, 1, 2-12-1906) e mais os artigos “Apuntes marginales. Momentánea” (sobre a figura tradicional do gaiteiro, publicado en *El Eco de Villalba*, 202, agosto de 1915), “Momentánea. Al través

de la realidad” (escrito entre o político e o etnográfico aparecido en *Galicia Pintoresca*, 5, 18-7-1916), “Ideologismo” (asinado o día do Nadal de 1917, aínda que publicado en *Galicia Pintoresca*, 39, 3-1-1918), “No debemos llorar...” (breve salutación da festividade do San Ramón inserida en *El Progreso Villalbés*, 206, 31-8-1929) ou “Sólo tú, Señor”, que veu luz en *Hoy* o 14 de abril de 1933, coincidindo coa Semana Santa, razón pola cal foi incluído nunha sección descriptivamente titulada “Temas de la Pasión en los poetas”.

Recepción crítica e actualidade da obra de Pernas Nieto

Dende a publicación de *Fala d'as Musas*, hai xa máis de tres cuartos de século, non chegan ás dúas ducias o número de traballos que se teñen ocupado da figura e a obra de Pernas Nieto.

No momento da aparición do poemario este recibiu varias recensións. A primeira delas asinouna Antonio Aparicio Ferreiro no periódico *Heraldo de Viveiro*. Publicouse no número correspondente ao 2 de xaneiro de 1937. Escasos días despois, por tanto, da saída do prelo do libro. Como a maioría das que viron luz por aquel tempo, é claramente laudatoria e salienta nos versos do de Quende tópicos ben coñecidos como a súa visión de “el paisaje verde y húmedo”, a capacidade para transmitir “la emoción del alma gallega” e, por suposto, como “su sencillez de agua limpia de fontana montañesa se vierte en emoción sincera”.

Case ao tempo do de Aparicio Ferreiro apareceu o comentario de Ricardo Veiga González no semanario *Vallibria*. Alí publicou o 10 de xaneiro de 1937 un texto moi gabancioso —que volveu reproducirse alén mar no *Correo de Galicia* do 21 de febreiro dese ano—, o que era de agardar, pois non en van o recensionista fora director de *Hoy*, revista mindoniense na que colaborou con frecuencia Pernas Nieto.

Paralelamente aos anteriores, comentaron tamén o libro Dionisio Gamallo Fierros en *La Comarca* (17-1-1937) e José Rodríguez Fernández novamente en *Vallibria* (7-2-1937). Ambos os dous textos son, porén, ben diferentes, pois mentres que o de Rodríguez Fernández resulta unha loa amigable puramente descriptiva, a recensión de Gamallo Fierros é a máis exhaustiva e crítica de todas as recibidas polo libro, sendo no analítico a máis completa e valiosa.

O eco da saída do poemario chegou tamén alén mar e así se reflicte na sección “Publicaciones recibidas” da revista habaneira *Cultura Gallega* do 30 de decembro de 1937, que responde a

ese espírito de camaradería co que era o seu colaborador dende Galicia.

E, por suposto, outro tanto pode dicirse das liñas moi gabanciosas da súa colega poeta Carmiña Prieto Rouco, quen escribe dende Vilalba unha recensión do libro para *Vida Gallega* (30-12-1937).

Mais *Fala d'as Musas* non só suscitou comentarios en prosa, senón que houbo tamén quen saudou en verso a súa saída. Así o fixo Celestino Cabarcos Suárez, quen nun benhumorado poema titulado “*Fala d'as Musas perdéose*” (*Vallibria*, 11-7-1937) se queixa da tardanza en chegar do volume que lle mandara o propio Pernas Nieto, afeando a conduta dos que, segundo el, retiveron o envío postal para que non alcanzase o destinatario. Esta moi irónica poesía foi logo incluída polo autor no libro *Cóxegas* (1955).

Do mesmo xeito, tamén Antonio Escudero Muíño —bo amigo de Pernas Nieto, quen lle dedicou dous poemas publicados en prensa— lle devolveu dedicatoria nun poema que titoulou “Cartelón de feira. O bicho da barra”, igualmente de ton humorístico e aparecido no periódico *La Voz de Ortigueira* do 17 de xaneiro de 1937.

Tras este intre inicial de recepción crítica e saúdo da obra pola súa aparición, o eco do libro de Pernas Nieto limitouse ás reproducións que dalgúns poemas se fixeron en diferentes medios durante o triénio bélico (as xa amentadas *Vida Gallega*, *Vallibria* e *Cultura Gallega* amais dos xornais *El Compostelano* e *La Voz de Ortigueira*).

Este avagar prolongouse ata o seu pasamento, cando o *Boletín Eclesiástico del Obispado de Mondoñedo*, no número do 24 de agosto de 1946, publicou unha necrolóxica dando conta dos principais trazos biobibliográficos do crego poeta.

Nos comezos da década seguinte, Benito Varela Jácome na súa *Historia de la literatura gallega* (1951) incluíu unha peque-

na referencia sobre del na que o presentaba como “presbítero, poeta de la montaña villalbesa, de las ermitas, de los ganados y de los caminos que atraviesan la tierra acariciada por la lluvia. En 1936 publicó un breve libro de poemas, *Fala das musas*, prologado por Álvaro Cunqueiro”. Pouco despois, outro presbítero de Mondoñedo, Manuel Rico Prieto, á sazón capelán da súa catedral, publicou o volume misceláneo *Balsaminas* (1953). Nel, entre outros textos, inseríase un pequeno apéndice dicionarístico sobre “Mindonienses ilustres” no que figuraba unha breve ficha de Pernas Nieto, que era lembrado como “orador y conferenciente muy ameno”, aclarando, de paso, que o seu libro *Fala d'as Musas* fora editado “a requerimiento de varios amigos”, obra da que, sempre segundo Rico Prieto, sentiran moito os “poetas e intelectuales gallegos no se pudieran reunir en ella muchas más poesías, por su léxico tan enxebre”.

Ese mesmo ano, Francisco Lanza publicaba *Dos mil nombres gallegos*, no que tamén incorporaba unha moi sucinta referencia ao de Abadín: “Sacerdote y poeta contemporáneo, autor de *Fala das musas*, colección de suaves poemas de aldea”. Palabras que, no esencial, reiteraría ao ano seguinte no seu terceiro volume o *Diccionario bio-bibliográfico de autores* de Antonio Couceiro Freijomil, quen escribiu del: “Presbítero, natural de tierras de Villalba (Lugo), fallecido en Mondoñedo. Publicó: *Fala das Musas* (Ortigueira, 1936). Colección de bellos versos. Prólogo de Álvaro Cunqueiro”. Deixando á parte o erro na xeografía natalicia, no restante, como se ve, a telegráfica información coincide co exposto por Lanza.

Maior interese que as dúas referencias descritas ten o artigo “Un poeta mindoniense olvidado”, asinado por Alfonso Toimil González no xornal lucense *El Progreso* o 18 de febreiro de 1968. Este texto debe considerarse o primeiro escrito monográfico sobre o autor publicado tras o seu pasamento e, aínda que fica lonxe de ofrecer unha aproximación analítica profunda á súa poética, si é certo que achega interesantes observacións sobre os inicios da

súa traxectoria literaria e anota algunhas reflexións xerais sobre filiacións e influencias.

Nos comezos da seguinte década, máis exactamente o 18 de agosto de 1970, o mesmo periódico acolleu o traballo “Cuatro poetas, al galope”, do historiador de Vilalba Xosé Luís García Mato. O ensaio inseríuse nunha sección dedicada aos “Poetas de Tierra Llana” e, nesa ocasión, reivindicaba o carácter vilalbés da producción de, entre outros, Pernas Nieto, sobre o que decidira “por el lugar de nacimiento, la proximidad de su temática montañesa a la chairega —tal Noriega— y su vinculación a Villalba, incluyo a este cura poeta entre los vates de Tierra Llana”. Amais de tal adscrición, o texto de García Mato é valioso por dar noticia de diversas colaboracións periodísticas de Pernas Nieto na prensa galega en xeral e, principalmente, na vilalbesa.

Pero se hai un traballo crítico que marcou un antes e un despois na consideración da obra de Pernas Nieto ese é, sen dúbida, a imprescindible *Historia da literatura galega contemporánea* de Carballo Calero. Nela o polígrafo ferrolán, en apenas unha trintena de liñas, conseguiu caracterizar os trazos esenciais da poética do abadinense, facendo algunas consideracións sobre o fondo (temáticas e intención) e a forma (estilística e métrica) desta que logo foron repetidas, con mínimas variacións, por moitos investigadores posteriores.

E se as palabras de Carballo Calero serviron para consagrار a importancia histórico-literaria dun texto como *Fala d'as Musas*, publicado no tempo que se publicou e na lingua na que se publicou, quen o faría pasar á posteridade a través do mundo da creación foi o seu vello amigo e prologuista Álvaro Cunqueiro ao decidir integralo como un dos seus personaxes no célebre volume de retratos *Xente de aquí e de acolá* (1971) nun treito do relato “Louredo de Hostes”.

Nos tempos da Democracia, quen probablemente teña recordado en máis ocasións o labor de Pernas Nieto é o estudoso

e sacerdote Félix Villares Mouteira, pois sempre recoñeceu na figura do de Abadín un dos nomes indiscutibles no elenco de autores da que el vén denominando dende hai anos como Escola Poética do Seminario do Mondoñedo. Os primeiros artigos nesta dirección deunos a coñecer nun especial sobre literatura mindoniense publicado no Caderno de Cultura de *La Voz de Galicia* o 19 de maio de 1983. Dende aquel primeiro artigo, “O Seminario, berce de escritores galegos”, irían xurdindo traballos cada vez máis ambiciosos —principalmente na revista *Amencer*, editada polo propio seminario— ata desembocar na aparición da monografía *Os poetas do seminario de Mondoñedo* (1997), que anos máis tarde veu unha nova edición revisada e ampliada baixo o poético rótulo de *Un alpendre de sombra e de luar* (2007). En ambas as escolmas aparece o nome de Pernas Nieto, do que se antologan unha ducia longa de poemas tomados tanto de *Fala d'as Musas* coma da prensa de época.

Mercé ás pescudas de Villares Mouteira no derradeiro dos libros citados coñecemos hoxe tamén un poema (“Gracias”) do relixioso Xosé García Cascudo que ten a Pernas Nieto como principal destinatario. O texto, orixinariamente redactado o 28 de setembro de 1941, agradece en verso ao de Quende o envío do seu poemario e gaba as súas calidades humanas e literarias. Velaquí a expresiva estrofa inicial: “Don Daniel Pernas Nieto, bon poeta,/ un regalo me fixo dun tomiño/ da obra por el escrita con cariño/ en que a «Fala das Musas» interpreta”.

Outro traballo que contribuíu de xeito moi destacado á fixación histórica dos méritos de Pernas Nieto como poeta foi a inclusión dunha voz sobre del na referencial *Gran Enciclopedia Gallega*, que no tomo vixésimo cuarto, editado contra 1984, lle dedicaba unhas liñas onde se resumía o parecer de Carballo Calero respecto da súa escrita.

Ambicioso pola súa amplitud e concepción foi tamén o artigo “Sacerdotes da diocese de Mondonedo que foram escritor-

res em lingua portuguesa”, de José Martinho Montero Santalha. Este longo traballo, que se publicou no segundo número da revista *Estudios mindonienses* no ano 1986, leva a cabo un exhaustivo repaso á nómina de cregos da diocese mindoniense que se dedicaron á escrita literaria. Loxicamente, Pernas Nieto é un dos tratados, se ben as liñas que Montero Santalha lle reserva non son nin o máis orixinal nin o máis valioso da súa investigación, pois limitanxe a reiterar as opinións de Carballo Calero (en moitos casos literalmente) e a reproducir o poema que Cabarcos Suárez dedicara ao autor de *Fala d'as Musas*.

A cadea de recepción última da biobibliografía de Pernas Nieto iniciouse en 1994, ano no que o profesor Claudio Rodríguez Fer deu ao prelo *A literatura galega durante a Guerra Civil*. A obra, froito da tese doutoral do escritor lucense, analiza polo miúdo a produción do crego poeta e dá cumprida noticia da acollida inmediata de *Fala d'as Musas* cando a súa aparición. Informa, así mesmo, sobre a escrita non compilada que Pernas Nieto espallou pola prensa durante os anos da Guerra e fai unha breve descripción do contido do poemario.

Entre os anos 1995 e 1997 foron editados os dous primeiros volumes da obra colectiva *Diccionario da Literatura Galega*. No primeiro dos mesmos, dedicado aos *Autores*, existe unha entrada sobre Pernas Nieto que, basicamente, se limita a reescribir o expresado por Carballo Calero. Máis interese ten o segundo dos tomos, centrado nas *Publicacións periódicas*, pois nel dáse noticia da participación do de Abadín en dez cabeceiras, sempre con textos poéticos.

En 1998, coincidindo coas tradicionais Quendas de Mondoñedo, publiquei *Escritores mindonienses*. Naquel libro, no que biografaba máis dun cento de escritores da miña bisbarra natal, tamén incluíun o reverendo Pernas Nieto e aproveitei a oportunidade para detallar algúns trazos biográficos que na bibliografía anterior ficaran borrosos, ensanchei notablemente a

referencia a cabeceiras nas que o autor colaborara e resumín os principais vectores temáticos do seu verso.

Un ano despois, a profesora Dolores Vilavedra publicou a súa *Historia da literatura galega*, onde tivo a ben dedicarlle ao autor unha liña e media para reiterar, máis unha vez, a arquisabida filiación noriegana: “na obra de Noriega inspírase (...) a identificación coa vida labrega que nos ofrece a obra de Daniel Pernas Nieto”.

Con relativa maior amplitud tratou o labor de Pernas Nieto o tamén poeta e ensaísta Arturo Casas nun seu traballo sobre “A poesía galega entre 1916 e 1936” que forma parte do volume *Galicia Literatura. O século XX. A literatura anterior á Guerra Civil* (2000), o que ten especial mérito se se ten presente que, como advirte o propio investigador, “o seu único libro, *Fala d'as Musas*, saíu do prelo en decembro do 36, fóra xa do límite *ad quem* [ou sexa, a data do inicio da Guerra Civil] da nosa encomenda”. Polo resto, a información vertida por Casas regresa outravolta ao sinalado por Carballo Calero.

O más extenso e documentado estudo sobre Pernas Nieto débese a Ricardo Pedreira, quen no ano 2005 asinaba o opúsculo *Anacos da vida e obra de dous ilustres mindonienses*. Nel ocupouse da traxectoria dun capuchino evanxelizador nacido en Mondoñedo, o Padre Aniceto, e mais da do sacerdote poeta Daniel Pernas Nieto, de quen debuxou o máis completo perfil biobibliográfico ata o de agora realizado, ensaiando tamén unha breve caracterización xeral dalgunhas das temáticas que concorren na súa obra.

A más recente publicación na que se tiveron presentes os versos do de Quende foi a antoloxía *Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego* (2007), de Victorino Pérez Prieto. Nesta moi ampla selecta reúnense creacións de máis dun cento e medio de escritores entre os que, tamén si, se conta Pernas Nieto, de quen se reproduce o poema “A Naiciña d'os Remedios”, co que principia *Fala d'as Musas*.

Para rematar, o último traballo rexistrado ata a data no que se traza un perfil bioliterario do escritor é o artigo “Daniel Pernas Nieto, el cura poeta”, asinado por José Manuel Suárez Sandomingo e aparecido no portal www.galiciadixital.com, onde se publicou o 16 de marzo do 2012.

Por tanto, e como se indicaba ao comezo deste capítulo, non pode dicirse, en xustiza, que fosse notable a atención suscitada pola obra do autor abadinense, mais tampouco sufriu esta un esquecemento ominoso, nin a súa consideración foi rebaixada no esencial. Simplemente ficou varado o tratamento da súa escrita por téñense ocupado os estudosos de noso nos últimos anos da recuperación doutras figuras, talvez na espera do momento propicio para que a súa achega merecese revisitarse. Estas liñas camiñan nesa dirección.

DANIEL PERNAS NIETO

FALA D'AS M U S A S

(CON LICENCIA ECLESIÁSTICA)



ORTIGUEIRA
TALLERES TIPOGRAFICOS FOJO
1936

A presente edición

Nas páxinas que seguen, e logo da pertinente indicación da bibliografía seleccionada que se consultou para a redacción das liñas precedentes, reprodícese o poemario *Fala d'as Musas* tal como foi publicado orixinariamente no nadal de 1936, fóra erratas. Engadíronse, a pé de páxina, informacóns de tipo ecdótico nas que se detallan as versións e reproduccións que xeraron as diferentes composicións do libro. Neste último caso, non se tiveron en conta as reproduccións literais más actuais, producidas todas elas moitos anos despois de falecido o autor e que se amosan como simples reiteracións dos textos de partida.

Tras a edición do poemario figura a sección “Outros poemas”, na que se recollen as poesías publicadas en prensa por Pernas Nieto que non foron incluídas no seu libro ou que apareceron con posterioridade ao mesmo. Tamén neste caso, de existiren, indicáronse as reproduccións ou versións correspondentes, con idéntica excepción á sinalada para os textos do poemario.

Pechando o volume inseríronse en apéndice todas as notas, recensións e poemas que suscitou a aparición de *Fala d'as Musas* que puideron reunirse. Ao remate de cada texto sinálase a procedencia.

Bibliografía seleccionada

- CABARCOS SUÁREZ, Celestino, “*Fala d’as Musas perdéose*”, *Vallibria*, 11-7-1937 [Logo recollido baixo o título “Pouquiña nariz” en *Cóxegas*, Viveiro, Artes Gráficas A. Santiago, 1955, pp. 53-54].
- CARBALLO CALERO, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981³, pp. 559-560.
- CASAS, Arturo, “A poesía galega entre 1916 e 1936”, en VV. AA., *Galicia. Literatura*, vol. XXXII, A Coruña, Hércules de Ediciones, 2000, pp. 85-213.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. III, Santiago, Bibliófilos Gallegos, 1954.
- ESCUDERO MUÑO, Antonio, “Cartelón de feira. O bicho da barra”, *La Voz de Ortigueira*, 16-10-1937.
- GAMALLO FIERROS, Dionisio, “Daniel Pernas Nieto. Su libro *Fala d’as Musas*”, *La Comarca*, 17-1-37.
- GARCÍA MATO, Xosé Luís, “Cuatro poetas, al galope”, *El Progreso*, 18-8-1970.
- LANZA ÁLVAREZ, Francisco, *Dos mil nombres gallegos*, Buenos Aires, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953.
- MONTERO SANTALHA, José-Martinho, “Sacerdotes da diocese de Mondonedo que foram escritores em lingua portuguesa”, *Estudios mindonienses*, 2, 1986, pp. 455-512.
- PEDREIRA, Ricardo, *Anacos da vida e obra de dous ilustres mindonienses*, Mondoñedo, Asociación de Amigos da Cidade de Mondoñedo, 2005.
- PÉREZ PRIETO, Victorino, *Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego*, Noia, Toxosoutos, 2007.

- PRIETO ROUCO, Carmiña, “*Fala d’as Musas*”, *Vida Gallega*, 692, 30-12-1937.
- REQUEIXO, Armando, *Escritores mindonienses*, Ferrol-Mondoñedo, Sociedad de Cultura Valle-Inclán/Concello de Mondoñedo, 1998.
- RICO PRIETO, Manuel, “Mindonienses ilustres”, *Balsaminas*, Tip. Centro de Acción Social Católica, Mondoñedo, 1953, pp. 58-64.
- RODRÍGUEZ FER, Claudio, *A literatura galega durante a Guerra Civil*, Vigo, Xerais, 1994.
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, José, “Lecturas. *Fala d’as Musas*. Por Daniel Pernas Nieto”, *Vallibria*, 7-2-1937.
- SEN SINATURA, “Daniel Pernas Nieto”, *Boletín Eclesiástico del Obispado de Mondoñedo*, 110, 8, 24-8-1946, p. 112.
- _____, “Pernas Nieto, Daniel”, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. XXIV, Xixón, Silverio Cañada Editor, [1984], p. 201.
- _____, “Publicaciones recibidas”, *Cultura gallega*, maio de 1937.
- SUÁREZ SANDOMINGO, JOSÉ MANUEL, “Daniel Pernas nieto, el cura poeta”, www.galiciadigital.com/opinion/opinion.7091.php, 16-3-2012.
- TOIMIL GONZÁLEZ, Alfonso, “Un poeta mindoniense olvidado”, *El Progreso*, 18-2-1968.
- VARELA JÁCOME, Benito, *Historia de la literatura gallega*, Santiago, Porto e Cía Editores, 1951.
- VEIGA GONZÁLEZ, Ricardo, “Un nuevo libro de versos. *Fala d’as Musas*”, *Vallibria*, 10-1-1937.
- _____, “*Fala d’as Musas*”, *Correo de Galicia*, 21-2-1937.

- VILAVEDRA, Dolores, *Historia da literatura galega*, Vigo, Galaxia, 1999.
- VILLARES MOUTEIRA, Félix, *Os poetas do Seminario de Mondoñedo. Notas biográficas e escolma*, Lugo, Deputación Provincial, 1997.
- _____, *Un alpendre de sombra e de luar. A Escola Literaria da Diocese de Mondoñedo-Ferrol*, Cesuras-A Coruña, Biblos Clube de Lectores, 2007.
- VV. AA., *Diccionario da Literatura Galega. I. Autores e II. Publicacións periódicas*, Vigo, Galaxia, 1995 e 1997.
- X., “Paréntesis”, *¡Guau... guau!*, novembro de 1906 [Logo, ampliado, en *De todo un poco*, 60, 1-11-1906].



Fala d'as Musas

Parve, nec invideo, sine me,
liber, ibis in urbem: Hei mihi!
quo domino non licet ire tuo.

Pequeño libro irás a la ciudad
sin mí, no te lo envídeo: Ai de
mí! a donde no le es lícito ir a
tu señor.

OVIDIO
Del libro de *Los Tristes*

Prólogo¹

Se ha dicho del verso –y de él, de lo que es por la gracia de Dios hablamos– que o sueña con ángeles o no sueña. Este verso que hoy leemos sueña con ángeles, en paisaje yermo, a la manera difícil de los primitivos cuadros. Verso limpio en cuanto a una preocupación esencial. Están en él todas las cosas que deseamos estén, cuya honradez elemental de fuente se vierte noble.

No vale ante verso tan simple, tan de sentido natural e íntimo, el discurso estético. Esta poesía, sencilla al modo del canto del pájaro, merece otra consideración atenta.

Este hombre cordial y de naturaleza en los ojos que es Daniel Pernas Nieto, ha contemplado en la montaña villalbesa –Tierra Llana por nombre bellísimo– un paisaje de superior valor como profunda síntesis de todo un pueblo y de toda una tierra. Esa Galicia lenta y no obstante madura, tierna por la lluvia pero brava por el tojo y el roble, está, en lenguaje paisano y aquilatado de sus propias finuras, en esta poesía que hoy leéis. Es una obra como un retrato. Con los grises infinitos del campo y el río y la lluvia, la montaña y la ermita, el ganado y el camino haciendo el fondo y los rostros foscos y firmes, naturales de condición y suficientes en su artesanía de tierra, de los labriegos en primer término, transparentes de su raza las líneas oscuras de sus cuerpos sobre el dorado fondo. Y la riqueza de la lengua. «Lo popular es una virtud, dice Valéry. Torna incorruptible un decir». La lengua aquí está caliente aún del soplo de los labios. Es esa mar viva y misteriosa que nos nace en la raíz de nuestro ser antiguo. Así como el pueblo lo dice y lo mimá, entrañable y oscuro. Media poesía de Daniel Pernas Nieto es esta lengua aldeana que él entona todo lo suave y rudamente que ella exige.

¹ Este texto figura recollido en Álvaro Cunqueiro, *Prólogos, epílogos y otros escritos dispersos*, edición de Luís Alonso Girgado, Follas Novas, 2011, pp. 23-25.

Es este libro la obra y el sueño de un hombre natural y escuetamente gallego. A sus líneas pueden buscársele matices y a sus sentires tonos, pero sobre toda la obra flota el aliento apaisanado, enxebre y nutricio del alma gallega. No es esta obra el anverso delicado de una tela de China. Es una blanca sábana de puro lino, florecida, por la gracia que alcanza el que con ángeles sueña, de las más hermosas flores que Galicia da al que labra la tierra de su lengua. Sábana noble como de hilo que crece en flor y flor tiernamente humilde como nacida en el yermo antiguo que a todos nos brizará cuna sepultura de nuestros huesos.

ÁLVARO CUNQUEIRO

A Naiciña d'os Remedios²

N-a fala da musa miña
e d'os versos n'as rudeces
hai unha frol sin espiña,
remanso pr'o que camiña
d'este mundo entre fraqueces.

Solece. Pelra orballada,
po-lo respiro d'aurora,
feitura d'o Ben, amada
d'as estrelas, coroada,
a que d'o mundo é Señora.

Doíña; bágoa d'o Ceo,
tola d'amores, sin lixo
prendeo a Dios n-o seu seo,
co-as cordas d'aquel desejo
de querer canto Dios quixo.

Pech'a noite d'o pecado,
trem-a lus, i-o novo día
esquence tempo pasado
que s'amosa enguedellado
tras a impiedade qu'espía.

E mentras qu'aló lapea
en fogueiradas o Sol,
ten d'abondo quen non cea,
quen nos seus ollos estea,
sendo d'o mund'o remol.

² Adiantado en *Vallibria*, 22-10-1933, que o volve publicar o 4-9-1938; logo tamén nos xornais *La Voz de Ortigueira*, 17-9-1938 e *El Compostelano*, 5-11-1938.

A Dona, pomba sinxela,
trocou con Dios un biquiño,
i-en Nazaret unha estrela
olla o carreiro qu'ourela...
i-a Nai quedou n-o camiño.

Afirmación

N-o teu colo, ruliña mimosa,
tí que pasas bicándome a testa,
n-o teu colo quixera morrer,
ouh musa gallega.

Non cobizo d'as grorias a palma
nin adoito subir para véla,
si escabardo pra lonxe, Galicia,
teu nome m'alenta.

Anque os tempos trocándose van,
anque os campos sin brazos se vexan,
n-o peito gardarán os teus fillos
lembrazas d'o Celta.

Dos caciques malditos que sorben,
—esfamiados— o sangue das venas,
xa borralla farán os labregos
que sofren e penan.

Os encantos d'a nov'alborada
que remansa camiño d'aldea...
laparada que xurde n-os eidos,
Galicia, desperta.

A velliña³

Enriba d'a probiña van caindo
as folerpas d'a neve mainamente,
ela peta co'a moca n-os puxigos;
i-o gonzo ferruxente
as portas quedas ó seu paso deixa,
e soilo un can que a sente
de ves en cando lle responde á probe,
somellando decir queixosamente,
que a millor d'as virtudes mal s'atopa,
que d'a noite o relente
i-a mesma neve lle farán un leito
negado pol-a xente.

³ Adiantado en *Ilustración Gallega*, 37, 31-5-1913 coa nota “Del libro próximo a publicarse *Fala d'as Musas*” e asinado en maio de 1913; co título “A probiña” en *Eco de Galicia*, 309, 2-5-1926; logo tamén en *Renovación*, 193, 16-11-1929 e mais *Hoy*, 22, 19-6-1933.

Eu cando penso n-a vida⁴
que levan sobre d'a terra
os que a Dios decraran guerra,
sinto a miña i-alma frida.

Corazón onde n-anida
a Fé, ¿qu'esperades d'él?
Dichos'o peisano fiel
que mora n-as irtas lombas,
sin procatarse d'as bombas
que fan d'o mundo un Babel.

⁴ Adiantado en *De todo un poco*, 54, 1-8-1906; *Aurora*, 3, febreiro de 1919 e, co título “¿Que esperades d'él?”, en *Hoy*, 21, 3-6-1933. Máis tarde foi reproducido como “Cousas d'agora” no xornal *El Progreso*, 6-1-1942.

Sempre moza

Furtiva moza te vexo
que ven de min t'agasallas;
pol'as meixelas campeas.
Unha bágoa.

I-eres pra todos a moza
recollidiña n-a cama;
post'o sol bicas a terra.
Sempre ufana.

Que das Delores a Nai
n-o Ceo deuche pousada.

Pombiñas⁵

Pombas, que tras d'o diñeiro,
fuxen deixando a terriña,
non volverán tan axiña,
non volverán d'o estranxeiro;
xotadas d'un merendeiro
trocan o lento d'o seo
d'o seu fillo po-lo alleo,
d'a pátreia po-la extranxeira,
sin lembrarse d'a maneira
que lles serviron d'esteo.

Coitadas, entre froliñas
durmindo sonos dourados,
soñan con deixar os prados,
as xestas i-as abruliñas,
e ben cravadas d'espiñas
choran d'a terr'aleixadas,
ó verse tan aldraxadas
por xente que sin concéntro
hastra lles roub'a inocéntea,
dempóns d'estar ben axadas.

Mulleres, qu'os vosos lares
deixades aí tan orfiños,
lembad'aqueles airiños
que brúan entr'os pinares;
lembad'aqueles cantares,
i-aquelas veigas froridas,
i-as xesteiras tan garridas

⁵ Adiantado en *De todo un poco*, 56, 1-9-1906 co título “¡Pombiñas...!” Despois na revista bonaerense *Nova Galicia*, 151, 7-10-1906 (onde figura asinado en “Mondoñedo, agosto 1906”) e máis tarde na habaneira *Galicia*, 4, 27-1-1907.

que solecen n-a montaña,
e Dempóis d'a terra estraña
fuxide coas vosas vidas.

Pombiñas, pombiñas, pombas,
xotadas d'os vosos lares,
volved'ós irtos lugares,
volvede vivir ás lombas,
volvede a xuntar n-as combas
froliñas d'o verde toxo,
pra logo d'o forno roxo
levalas á sementeira;
onde dirán... estranxeira,
case tras o corpo froxo.

D'a miña i-alma⁶

Monte que bicas o Ceo
testigo de fondas penas,
monte que pr'o Ceo catas
sin perder d'ollo a Frouseira,
non sei que olladas che botan
cando che miran a testa,
(s'é qu'erguer poden os ollos),
pro sei qu'o sol te alumea,
ben si nace, ou si se pon,
ou n-o teu colo se alegra.

Padronelo, Padronelo,
qué de lembranzas me levas
n'ese longo parrafeo
co'as veciñanzas d'a serra;
cando ven a noite maina
e cubre o Ceo d'estrelas,
cando as almas se recollen
n-augusta paz d'unh'aldea,
cand'o suspiro d'un sono
i-a lus d'un verme que trema
n-os labres d'a nordesía
e n-a i-alma d'o poeta,
eu lemb'r'o tempo que pasa,
eu vex'o tempo qu'espera,
eu quero verte fendido

⁶ Adiantado en *La Voz de Mondoñedo*, 23-12-1918, co título “D'aqueles tempos” e dedicado “Para o meu bón sempre amigo Don Sebastián de Solla”. Conta, ademais, cunha nota na que se sinala que é un “fragmento del poema “Pardo de Cela”. Esta versión difire da publicada en *Fala d'as Musas* na segunda estrofa: “Padronelo, Padronelo./ qué de lembranzas me levas/ un ano máis outro ano/ e sempre lonxe me quedas;/ sempre, sempre, Padronelo/ libertades, miña terra./ libertades que cobizo.../ ¡Fondas penas, fondas penas!”. Tamén apareceu en *Hoy*, 27, 15-7-1933 e reproduciuse en *Vida Gallega*, 683, 30-1-1937 e mais no xornal *El Compostelano*, 28-9-1937.

e n-as entranas abertas
que gardes a miñas bágoas,
e d'esas feles que bebas
quero coller as tuas sudes
para que olladas non señan,
e n-a cunquiña d'a mau
quero traerchas d'ofrenda.

D'a miña i-alma

Monte que bicas o Ceo
testigo de fondas penas,
monte que pr'o Ceo catas
sin perder d'ollo a Frouseira,
non sei que olladas che botan
cando che miran a testa,
(s'é qu'erguer poden os ollos),
pro sei qu'o sol te alumea,
ben si nace, ou si se pon,
ou n-o teu colo se alegra.

Padronelo, Padronelo,
qué de lembranzas me levas
n'ese longo parrafeo
co'as veciñanzos d'a serra;
cando ven a noite maina

e cubre o Ceo d'estrelas,
cando as almas se recollen
n-augusta paz d'unha aldea,
cand'o suspiro d'un sono
i-a lus d'un verme que trema
n-os labres d'a nordesía
e n-a i-alma d'o poeta,
eu lembro tempo que pasa,
eu vex'o tempo qu'espera,
eu quero verte fendido
e n-as entranas abertas
que gardes as miñas bágoas,
e d'esas feles que bebas
quero coller as tuas sudes
para que olladas non señan,
e n-a cunquiña d'a mau
quero traerchas d'ofrenda.

O río Mera

D'areas faise a montaña,
de gotas o mar que bicas,
de bágoas d'a paisanaxe
os regos que te visitan.

Preto de min vas sorrindo,
mais eu ben leo n-a risa
queixas que levas n-o fondo
n-o fondo d'a tua vida.

O mar

Amores tivo co'a Lua
que sin deixar de ser ela,
namorada que n'esquence,
faille bicar sempre a terra.

N-o berce durme o meniño,
acarón d'él, un salgueiro;
n-a chousa can de palleiro
gard'a casa d'o veciño.
Os labregos c'o fouciño
van deitando n-o centeo;
a dona leva n-o seo
fondas penas, non ten pan,
preto d'ela ladr'o can...
I-o meniño voóu pr'ó Ceo.

Desfeito en bágoas que cristal somellan
o relente d'a noite se pousaba,
e no Ceo brilaba
a Pureza; i-o Redentor nacía...
Os dioses s'enguerellan,
porqu'era xa Nai a cándida María.

Déixame solo⁷

A coba ben orfa está
de loureiros, de coroas;
pr'a quen descansa n'hai loas
porque foi probe quizá.

Mais, ¿qu'importa?, meus abós
con coroas non teceron
a Fé que tanto quixerón,
i-eran d'os tempos, tan bos.

Préstall'a montañ'a calma
i-os aires mais queirogentos
agariman pensamentos
qu'anidan n-a miña i-alma.

⁷ Co título de “Aquel leito”, fondas variantes e ben más texto, foi adiantado en *Hoy*, 20, 27-5-1933: “A cova deserta está/ de loureiros, de coroas:/ pra quen descansa n'hay loas/ porque foi probe quizá./ Mais, ¿qu'importa?, meus abós/ con coroas non teceron/ a Fé que tanto quixerón;/ ¡y-eran, ouh, tempos, os bos!// ¡Canté!, si tiver'a sorte/ d'aquel brañego qu'eu sei./ reloucara o mesmo Rey/ po-lo seu leito n-a morte./ Tivo Cruz'a cabecreira:/ vestida de froles d'ouro/ ten a cova, qu'é tesouro,/ y-a dona que rez'á beira./ Préstall'a montañ'a calma/ y-os aires mais queirogentos/ agariman pensamentos/ qu'anidan n-a miña y-alma./ A nebra que vai choutando/ por enriba d'os picoutos,/ e deixa pelras n-os soutos/ eu coido que vai chorando./ Miña terriña d'as uces/ de ti me lembro, montaña,/ o poeta mal s'apaña/ sin bicar aquelas cruces./ As cruces do camposanto/ de coroas ¡ay! despidas,/ pro por devotos erguidas/ molladas con triste pranto./ Aló n-a noite calada,/ n-as noites mornas do bran,/ cícais a falarvos van/ os ruisiñols d'alborada./ Préstall'a montañ'a calma/ y-os aires mais queirogentos/ agariman pensamentos/ qu'anidan n-a miña y-alma”. Máis tarde reproduciuno *Vida Gallega*, 683, 30-1-1937.

Salaios⁸

Por qué chora, preguntas a un bardo,
d'a terra galega;
pois choro porque levo n-o peito
un feixe de penas;
porque as casas d'a miña terriña
inda non fumegan,
que soliñas, soliñas quedaron
n-o bico d'aldea,
i-agora non hai quen desbrave
as irtas restrebas;
miña terra, terriña querida,
que soia te quedas,
que os homes que inda non te conocen
así te desprécean
vindo logo de terras extrañas
sin sangue n-as venas;
por qué choro, preguntas filliño,
porque non fumegan,
¡ai!, as casas da nosa terriña
n-o bico d'aldea.

⁸ Co título de “Salayos” e pequenas variantes adiantouño *De todo un poco*, 61, 15-11-1906. Logo tamén, como “Salaios”, apareceu en *Cultura Gallega*, 35-36, setembro de 1937.

A montaña⁹

Noite de calma, recender de frores,
h'erba chorando pelras silenciosas,
détanse n'esa cama os meus amores
a montaña que canto, nai chorosa,
o bulir dos regatos, i-as costumes
puras com'o ceo d'as irtas cumes.

Branca folerpa, pingotiña d'ouro,
volvoreta d'o ceo desprendida
pra d'o chao galiciano ser tesouro,
raiola de Galicia, miña vida,
n-as noites misteriosas tes o encanto
gardado n'un recuncho d'o teu manto.

Almas sinxelas con querer de ferro,
fillas d'a montañesa fidalguía,
almas que sofren sin ceivar un berro,
ouvide outro cantor sin cobardía,
eu vou c'os meus aniños tan cargado,
branc'a cabeza, i-o peito esfarrapado.

Pr'o sinto arder n-o corazón a lapa
d'os petruciales aires queiroguentos,
ó enfundirse o sol que o picouto tapa,
esgázanse d-a ialma pensamentos...
quen queira que te cante, mal s'apaña,
sin o cheiro d'os prados, ouh montaña.

⁹ Adiantado en *El Eco de Villalba*, 71, 20-1-1911; en *Ilustración Gallega*, 35, 20-4-1913, onde apareceu coa nota “Del libro próximo á publicarse *Fala d'as Musas*” e asinado en Insua (Ortigueira) en abril de 1913, e tamén en *Hoy*, 17, 6-5-1933.

Cando vexo estendida pol-as veigas
fina saba de brancas garnicelas,
lembro a fermosura d'esas meigas
que a i-alma me namoran, as estrelas,
aló n-a noite de luar calada
siñaland'ó destino, outra pousada.

Feliz quen non cobiza ver mais terra
e ten onde vivir sin ser alleo,
gardando avenza, desbravando a serra
amasando c'oas sudes o centeo;
aleixado d'o mundo, n-o trafego,
dichoso montañés, feliz labrego.

De romaxe¹⁰

Po-los altos picoutos d'os montes
coroando n-as xestas,
vai a brétema, lixeira deixando
seu manto de pelras;
i-o poeta namentras camiña
mirando pr'a elas.
Cantas n-os albres os paxáros;
e os nenos n-as veigas,
agarrados á corda d'a vaca,
non pensan n-a festa.
Os romeiros xa van paseniño
ben preto d'a igrexa,
e levando n-as maus degresadas
veliñas marelas...
Arredan: logo pasa o cacique
verquendo sobérbea,
quen axiña os paisanos saúdan,
cargados de penas.
Chegaron; e pousando o sombreiro,
de xinollos n-a terra
pouquiñ'a pouco bicando no chau
entraron n-a igrexa.

¹⁰ Adiantado en *De todo un poco*, 57, 15-9-1906 e asinado en Mondoñedo, nese mesmo mes de setembro de 1906.

Indo pr'a festa

Ó pé d'a igrexa d'o meu lugar
bule a fontiña, maina, serena,
ollos de groria que puxo Dios
n-a natureza.
Aló de noite
enriba d'ela
non sei que dicen, non sei que contan,
non sei que falan ¡ai!, as estrelas
que quero tanto,
que me dan pena
cando n-o Ceo
non alumean
i-a crara fonte bule choutando
garimosiña, por entr'as herbas.
Os montañeses
levan fachenda,
van camiñando foscos e séreos.
Visten as veigas
dourado traxe; mimosas frores
abal'o vento pol'arboreda;
i-os castiñeiros,
co-a recandea
brindan ós aires soltos prumachos.
As montañesas
diante a fontiña
míranse n'éla,
d'espello sirve pra compoñerse
namentras sopra o vento d'a serra.
I-a crara fonte
d'a miña igrexa
bule choutando
por entr'as herbas.

Irmao lobo¹¹

Eu ben sei onde gardal'os fillos
tí que ouveas de noite n-o monte,
gafo d'a serra.

Si d'alcum'eres lobo, tes sorte,
qu'ind'as cordas che poñen ás veces
os qu'habían leval'o teu nome.

¹¹ Adiantado en *Renovación*, 206, 15-2-1930.

Virand'o monte¹²

Inda ben non levanta o luceiro
os ollos d'a terra,
cando deixa o peisan'o seu leito
 ¡ai!, o leito de xestas;
que hastr'as pallas que tanto cobiza
 a terra lle nega,
pois fai un ano qu'anada que tivo
 levoull'a tormenta;
i-agora, camiñando pr'a roza
 firido de penas
él volve, paseniño, pensando
 n-a mala colleita.
O monte vai virando en devasas,
 en longas ringleiras;
mentras qu'o sol lle fire o seu corpo
 non ergue cabeza
hastra qu'a dona, branca pombiña,
 de lonxe lle berra.
Sin ter refrixeiro, deixa ó eixado,
 sospende a refrega,
pra xantar o qu'a pomba lle trouxo,
 n-un tallo de felga
qu'o peisano a unha sombra eilí fixo
 pra cando merenda.
Coitadiño, sin outro consolo
 desbrava n-a terra,
mentras a crara noite non tende
 seu manto d'estrelas,
qu'entonces, caviloso pr'a casa
 d'a roza s'aleixa,
lembrándose qu'anada d'antano
 levoull'a tormenta.

¹² Adiantado en *Renovación*, 196, 7-12-1929.

O labrego indo pra chousa¹³

Que alta vas, eu ben te vexo
esbatuxando n-as áas;
inda ch'e volvo cen ras
si trocamos o pelexo.

Alá tí, enriba d'o vento
peneira que te peneira;
eu de calquera maneira
peneirado por un cento.

Trebutos que pago a lei,
o cacique que m'esfola,
o neno que vai á escola,
todas son cousas... ben sei.

Ind'o sol non acrarea,
tí xa sales d'o teu niño;
eu vou por outro camiño,
qu'outro sol ch'e m'alumea.

Ó lombo levo este arado,
teño a muller encamada,
este ano non houbo anada
e morréu d'a peste o gado.

Ei boi... ei..., xa que quedache
San Antoño te defenda,
xa non teño mais facenda;
quen veña detráis, que sache.

¹³ Adiantado en *Heraldo de Villalba*, 36, 19-8-1917; *Renovación*, 88, 12-11-1927; *El Heraldo Gallego*, 737, 11-12-1927 e *Hoy*, 23, 17-6-1933.

Ei boi... ei..., os meus filliños
queren marchar pr'a outra terra;
eu desbravando n-a serra
e tolo po-los camiños.

En cen légoas á redonda
n'hay montañés mais honrado;
Dios me deixe aquel furado,
que un furadiño m'abonda.

Onde ten a teipa o tobo
coido facer o meu lar,
par'alí m'acomodar
anqu'enriba durm'o lobo.

Seixo branco¹⁴

Gardal'os piñeiraies rumorosos
aló n-a cume irta, branco seixo,
á lus d'a lua vagorosa e triste...
Es o vello pastor d'aqueles ermos
donde o corvo vaguea i-a laberca
deporonda d'o sol os seus gorxeos...
Dous mil anos gardaches o teu gado,
entr'os pinos espesos,
coa lus d'a lua vagorosa e triste
e co-a neve d'o inverno...
Viches pasar as aves de rapiña,
viches pasar os lobos no xaneiro,
viches correl'o sangue d'o teu gado;
viches correl'o a regos...
E viches pasar os anos, cen pobos...
Eramos os humildes, os labregos,
todol'os aldraxados d'a Sobérbea,
todol'os que choramos e sofremos...

Tú víchenos pasar, ano tras ano...
E choraches tamén, vello penedo,
vendo correl'a sangue d'os rebaños...

Fungaba o ár doente n-os piñeiros,
e ti calabas, silencioso e triste,
vendo caer as horas n-o Silencio...
...Vagueaban os corvos ó luar
n-a paz solene e mística d'os ermos.

¹⁴ Adiantado en *Vallibria*, 6-5-1934.

Seixo branco

Gardal'os piñeiraes rumorosos
aló n-a cume irta, branco seixo,
á lus d'a lua vagorosa e triste,..
Es o vello pastor d'aqueles ertos
donde o corvo vaguea i-a laberca
deporonda d'o sol os seus gorxeos...
Dous mil anos gardaches o teu gado,
entr'os pinos espesos,
coa lus d'a lua vagorosa e triste
e co-a neve d'o inverno...
Viches pasar as aves de rapiña,
viches pasar os lobos no xaneiro,
viches correl'o sangue d'o teu gado;
viches correl'o a regos...
E viches pasar os anos, cen pobos...
Eramos os humildes, os labregos,

tolol'os aldraxados d'a Sobérbea.
tolol'os que choramos e sofremos...

Tú víchenos pasar, ano tras ano...
E choraches tamén, vello penedo,
vendo correrl'a sangue d'os rebaños...

Fungaba o ár doente n-os piñeiro,
e ti calabas, silencioso e triste,
Vendo caer as horas n-o Silencio...
...Vagueaban os corvos ó luar
n-a paz solene e mística d'os ermos.

Entr'os meus

Lira miña, ¿qué che queda?
nin tes cordas nin tes calma;
tenro suspiro d'a i-alma
que n-o corazón s'enreda.

Naide me presta consolo;
i-abafado po-lo vento
d'o mundo, ben mais contento
quiero morar eiquí solo.

N'esta noitiña calada,
noitiña d'os meus amores,
mais doces son os doores
tras un sorrir d'alborada.

Pro si n'atopo camiño,
a soledá m'acompaña
con perfumes d'a montaña
onde a lealtá ten o niño.

O Ceo limpo qu'encanta,
e n-as augas d'un regueiro
os ollos crava o luceiro
onde hollou a miña pranta.

Nenos, unha ribeirana,
n'esa frautiña de buxo,
e Dempóis un aturuxo
por ver s'as penas me sana.

Ála xá, qu'o mundo avante;
catando pr'ó noso seo
míranos Dios dend'o Ceo
en palacios de diamante.

A brétema d'a mañá
fincada deixóu n-o chán
as zocas d'algún galán...
lembrazas d'a mocedá.

Ledicia meu corazón,
á sombra d'este carballo
durme quén ven d'o traballo
soñando n-un mundo bon.

E bí calle o sol a testa
cando vai pr'ó santuario
amosand'o relicario
de prata, sobre d'a cresta.

Cantigas

Dormín sola n-o muiño
e choro porque me pesa,
si levantaches as tornas
sin auga quedóu a presa.

Non chores, tola, non chores,
que de chorar non sal nada,
si queres ter pan albeiro
bortea ben a fornada.

D'a romaxe d'o San Cosme¹⁵

Noitiña, noite calada,
noites de brán milagreiras
ó despertar d'alborada,
canto ben de Dios n'anada,
cantas medas pol-as eiras.

Aquí regato, alí fonte,
un pouco diante, pretiño,
n-a cabeceira d'o monte
non vai naide que non conte
milagres d'aquel Santiño.

Hai quen arrastro n-o chan
deixada d'o manciñeiro,
entra co-a vela n-a man
limpando as bágoas que cán
co-a punta d'o cinguideiro.

¹⁵ Adiantouse co título “A romaxe d'o San Cosme” en *Mondoñedo*, 82, 28-6-1907. A versión de *Mondoñedo* é máis longa. Engade entre as estrofas séptima e oitava unha nova suprimida en *Fala d'as Musas*: “N-un ceyo azul de diamante/ refrex'a cara ó Riveiro;/ entretanto qu'o gaiteiro/ ll'axudan co redobrante/ fai primores n-o punteiro”. Xa despois da novena aparece: “Unacheite d'un vilego/ que fai oi, ¡santo bendito! / chouta por riba d'o cego,/ é de fuciños n-o rego/ cai mollado com'o pito./ Quixo botar n-a carreira/ arrenegando d'a festa./ pro gracias á panadeira/ que com'a bolos d'a feira/ trouxo-o envoltiño n-a cesta./ Pasando po-l'alcabala./ berroulles ó alcabaleiro/ —¿Vai algo? ¡Vostede non fala!/ Antón repuxo: —Un romeiro/ c'un medo que non s'abala./ E por dar cret'o Pantasma,/ é fiars'en bruxerías/ dill'a xente: —as fachorías,/ Antonciño, ¡ti tes asma/ des qu'andas n-as romerías!”. Co mesmo título e versión apareceu en *Follas Novas*, 529, 21-7-1907 e *Hoy*, 26, 8-7-1933, onde amais contiña unha nota aclarando “Poesía leída por nuestro querido amigo y colaborador Daniel Pernas Nieto, en la velada literario-musical organizada, en el año 1907, en honor del Obispo don Juan José Solís y Fernández (q.e.p.d.) con motivo de su llegada a la ciudad para asumir la dirección de la diócesis”.

Hai romeiros ás presadas
acarón d'aquela ermita,
viño vello, empanadas,
n-as romaxes tan sonadas
nunca naide debilita.

Ix... pún... ix... pún... Viv'a festa,
e po-lo pico d'a cresta
pasenijo viñ'o cego,
mentras que limpando a testa
entraba n-a ermita o crego.

A volta d'un pensamento
tod'a xent'estaba drento;
quedando soilo fuleros
d'eses que ventan c'o vento
nomeados habaneros.

Xa cerca d'o medio día
é unha bendición de Dios;
entr'a millor romería
sempr'atopan milloría
os que padecen d'a «tos».

Mais logo qu'a noite ven
estendendo negras áas
salen romeiros a cen,
sin quedar detráis ninguén
mordido ben po-los cas.

I-os peisanos camiñando
con cara fosca, moi serios,
contan contiños de cando
o «pantasma» sal andando
d'o fondo d'os cimenterios.

O poeta i-o Ano Novo¹⁶

Pregón d'o tempo con cara nova,
ós doce meses eu ben te vexo;
 pasa calado,
que n-a friaxe que ceiba o inverno
si aterecido certo a morrer,
 a Crus i-o crego
e catro táboas todas tinguidas
serán a pompa d'o meu enterro.

¹⁶ Adiantado en *El Eco de Villalba*, 70, 1-1-1911, despois en *Ilustración Gallega*, 36, 10-5-1913 coa nota “Del libro próximo á publicarse *Fala d'as Musas*” e asinado en Insua (Ortigueira) en maio de 1913 e logo tamén en *Hoy*, 3, 29-1-1933.

Contíño¹⁷

N-a casa d'aquel labrego
and'a sogra e mais a nora
a tirapelos; i-agora
non hay pousada pr'o cego.

Si qués, –trái a muller ó rego–
dinll'os veciños a Xan:
O que lonxe cata pan
cinz'atopa n-a lareira
a muller que pon monteira,
po-las trazas, n'é de lan.

¹⁷ Adiantado en *Hoy*, 29, 29-7-1933.

Unha carta pr'a lua¹⁸

Si viras, meu Xán quirido,
de contas o mundo cheo,
non te coides d'o recibo
n'alforxa d'o tempo ido
por un cantiño d'o Ceo.

Si mais correo n'agarda,
n-o besto que agora sal
vaiche metida n'albarda
entre follas de xibarda
ese presente, cabal.

Vaino sacando con maña,
non te trabuques n-a entrega.
Mendos postos por Azaña
e con liñas d'a compañía
pode o demo c'oa talega.

Si con Añón te carteas,
memóreas pra Rosalía;
aquí cae n-as mareas
«ese peixe d'as toleas»
que n-o toliñar se cría.

¹⁸ Co título “Pr'a Xán d'a Lúa” este poema foi adiantado en *Vallibria*, 21-1-1934. Nesa versión engadía unha estrofa final aquí suprimida: “En espera de contesta/ y-a pruma d'ouro ofrecida/ non saco un ollo d'a Infesta/ coidando que ven n-a besta/ camiño d'a Margarida”.

Da conta

Dísque n-a lua que ven
há vil'o maná d'o Ceo,
n'há traballar xa ningúén,
tendo d'abond'o quen ten
odrad'o seu peto cheo.

Así dixo n-o Congreso
«Faltriqueira» d'os escravos;
quen de foulas cheg'a Creso,
tend'o lume ben acceso
n'aterec'espatar cravos.

Da conta, non señas besta,
que si n'andas ben lixeiro,
hanch'as de poñer n-a testa
ferraduras, pra ir a «festa»
a conta d'o teu braseiro.

Deu Dios as cumes i-os vales
para nosa regalía,
mais ambos non son igoales;
ufana o monte cendales
que bebe d'a nordesía.

N'adouges, quén t'asoballa
regalado de fartura,
foraxido d'a borralla,
pra que te deites sin palla,
encadearte precura.

Si trona, que trone forte,
¿que non tes casa cuberta?,
hach'a deparal'a sorte,
(un cadaleito pr'a morte):
quen mal durme ben desperta.

O xogo d'a brisca¹⁹

Vai vindo a noite mainiña
cubrind'o Ceo d'estrelas,
mentras que a lua n-o chau
raios de prata refrexa.

Cando aló lonxe aturuxan
outro mais forte contesta,
que os montañeses son foscos
valentes son'o de veras;
e naide lles pranta raya
onde queira que se vexan.

Ju... Ju... Ju... Un aturuxa,
é Marcos d'a Porticela
que vai xogar a briscada
de cote cabo d'Andrea,
pois xa dicen n-o lugar
qu'há de sel'a compañeira.
O galán dí para sí:
esta noite há d'haber festa...
e poñéndose d'escoita,
sintiu ruxir n-a cortella,
falou de fala mudada...
—Quén anda n-a cambeleira?
—Estou coando cachelos,
respondeu de drento Andrea,
seique te troux'o pecado,
parece que osmas a festa.
A sin ningún cumprimento
abrindo a porta Rosenda,
faloulle pol'o baixiño
a Marcos, o pé d'a orella.

¹⁹ Adiantado na revista madrileña *Galicia*, 23, 1-7-1907.

—Pasa quentarte bon peixe,
que hoxe há d'haber xogarreta.
—Boas noites, que lles preste.
—Se queres baixat'a cesta.
—Moitas gracias, xa cenéi.
—Colle sardiñas salpresas,
que un gotiño hás de bebelo,
anda, déixate de lérea,
bebe, Marcos, dalle arriba,
qu'é viño d'a nosa terra.
—Viv'o viño d'o Ribeiro.
—Que viven as montañesas,
respondeu sorrindo Marcos
chiscándolle d'ollo á Andrea;
veñ'a brisca e xogaremos
unha partida. —¿Abofellas?
—Ten cachaz'agora mesmo,
trai pr'acó esa candilexa
que has de levar que contar
por onde vayas e veñas.
E postos todos de xéneo
fóreronse chegando á mesa.
Os vellos xogaban xuntos,
i-os novos dabán as señas
que o mais sabido n-o xogo
tivéralles moita envexa,
véndolles trusgal'os ollos
e roxadas as meixelas.

Xa logo cantab'o galo
cando salíu pol'as eiras
Marcos, atruxando forte
pra facer ver que n'apea,
que os montañeses son foscos,
valentes o son de veras.


Caridá²⁰

Poesía leída por su autor en
la velada benéfica, celebrada
el día 8 de agosto de 1906, a
beneficio del pirotécnico
José A. Fernández.

Cando versos me pidiron,
tiña o corazón desfeito,
ó lembrarme que d'o leito
hastr'os eivados fuxiron;
ós berros «d'auga» qu'ouviron
non quedó xente n-a casa
que par'apagar a brasa
non fosen apresurados,
pra salval'os desgraciados
que tal derrevés lles pasa.

Mondoñedo lev'a palma
entr'os pobos compasivos:
amparad'eses cativos
pra que Dios vos garde a i-alma;
d'o cimenterio n-a calma
descans'a Nai; pero eu creo
que tedes lenton n-o seo
pra dárles amor e pan,
que as limosnas que se dan
fan o camiño d'o Ceo.

²⁰ Adiantado, co título “¡¡Caridá!!”, en *De todo un poco*, 55, 15-8-1906.



A d' Antonio Couceiro
Esponjil que como
sabe lo que es amor
de los poetas.

Personalmente.

José Fernández

Ortigueira, 18-2-1933.

Outros poemas

Ben poden facer monteiras
os rapaces, n'estes tempos,
y-as rapazas cinguideiros,
é refaixiños marelos;
ben poden poñel'o déngue,
groria d'a nosa terriña,
que n-a faltar un godallo
que d'esto non faga risa;
anque non erd'un bocado.

[*;Guau... Guau!*, xuño de 1906]

Lembranzas

Inda levo n-o peito moitas penas
que sacar non poderei mais d'encima;
inda teño diante min teus recordos
que son craro espello d'a tua vida;
quén puidera voar á esa rexión
cál pode un anxeliño, é que te vira
coroada de Groria aló n-o ceyo,
meu pranto enxugar tenra pombiña.

Inda lembro; cand'o zoar d'o vento,
os albres azoutab'á fera brisa,
o rosario rezabas con respeto,
á Virxen que t'agardaba al'arriba.

¡Inda levo n-o peito moitas penas,
que soyo ti podes calmar axiña!

[*De todo un poco*, 60, 1-11-1906]

A Virxen Inmaculada

D'a miña musa foi á inspiración,
d'as miñas coitas foi ó meu consolo,
á que ó Fillo de Dios levou n-o colo,
y-alentos tivo pr'El n-o corazón.

—Hastra qu'ós homes faltos d'a razón
deixa-n'ó Salvador d'o mundo solo,
é pregonando foron qu'era tolo
diant'un salvaxe d'a lexislación.

Virxen, antes, é dempois, nai querida,
que ó Redentor gardaches n-o teu peito
c'al si for'á túa mesmiña vida.

Fai que cando deix'ó meu probe leito,
á miña y-alma non esteña frida
é que colla po-lo camiño estreito.

[*De todo un poco*, 62, 1-12, 1906]

Un sono

Cando era meniño, aló n-un lindeiro
tomoume ó sono, é durmín un pouquiño,
soñei tantas cousas n-aquel soniño,
que dempois fuxía d'o brincadeiro.

Y-a sombra buscando d'algún salgueiro,
precuraba soñar, soñar baixiño
d'un xigantesco mundo, algúin camiño;
y-en ves de mund'o o qu'achei, foi un pandeiro.

Destoncias renego d'as fechorías
d'os qu'esprian todo po-la razón,
pois ceivando van cen mil herexías

que gardadas teñen n-o corazón;
é soyo son sonos, faladurías,
anque vos digan... rexeneración.

[*Mondoñedo*, 70, 1-3-1907]

Ruxen os pinos en son de guerra
aló n-o monte;
rousan os carros po-los camiños;
loit'o montañés co'a negra sorte.

Y-o sol d'os peitos desabrochados
non saca un ollo;
triste salayo n-as aas d'o vento
esparexeuse, tocan a morto.

«Dios á recolla n-a paz augusta»
dixo unha vella;
y-aqueles homes beben as sudes
que fan regueiros po-las meixelas.

Unha meniña cara d'a chousa
correndo chora,
pra que desperten a sua naiciña
vai com'o vento de porta en porta.

[Mondoñedo, 183, 12-6-1909]

Cadullo²¹

As brétemas pardas
que suben ô ceo
y-o fume d'o lar,
o soave perfume que xurde n-os eidos
en místec'atume, son as cántigas ledas
que levan ô vento,
o bico d'as musas,
como levan as probes d'as nais ôs seus fillos
acarón d'o peito
e chuchan cadora.
Eu, n-un sono tirano trocadol'os tempos,
jai! soñei co'a fertuna n-o lar d'o poeta,
mais un bico tan soyo n-os beizos me deron
as brétemas pardas
que suben ô ceo.

[*Pensamiento Católico*, 25, 31-3-1910]

²¹ Esta versión aparece asinada en “Juances (Vivero)”. Co título “¡¡¡Qué tempos!!!” volve publicarse en *Hoy*, 11, 25-3-1933 e co de “Heredá” en *La Voz de Ortigueira*, 4-6-1938.

A beira d'o teu lindeiro
onde mais te precias, nena,
terás contiña d'o prado
que pacido non da herba,
o sol y-a lua
xa fincan os ollos n'ela...
¿e dirás qu'as malas lengoas
non teñen n'o sol firmeza?

[*La Aurora*, 11, 15-12-1919]

Escarmentado

Determinou Xan d'Estelo
deixal-a casa terreña,
co'a cobiza d'un tesouro
aleixado d'a sua terra,
y aló colleu pra Madrí
envolto en brétema espesa,
sin procatarse d'as cousas,
sin ter de nada sabéncea;
vestido de rib'a baixo
co millor traxe de festa.
Adiós, lles dix'ós viciños,
ô crego deull'unh'aperta
lembrando cand'era neno
os consellos que lle dera.
Adiós, lles dixo as rapazas
con certo aquel de fachenda,
coidando que n-a taona
rodan cartos como pedras;
pro cando aló s'atopaba
quedouse co'a boc'aberta,
e si non for a bregonza
pra sua casiña volvera;
ven mais torto que un fouciño
eilí s'hachaba de veras,
cos pés de masa envoutados,
sin doce gaita gallega,
sin sombras d'os castiñeiros,
nin ruxe ruxe d'as xestas,
nin rapaces que aturuxen,
nin quen lle fale d'a terra,
d'a terra d'os seus amores,
nin d'a vaquiña bermella,
nin d'o burbullar d'as fontes,

nin d'as luces qu'alumean
de noite, pol-os camiños,
de día, n-o adral d'a igrexa,
nin d'a «santa compañía»
que sal d'o medeo d'a serra,
nin d'a «pantasma» qu'adoito
s'emborcalla pol-as erbas,
nin d'outras mil bruxerías
que sempre tivo por certas,
Xan, o coitado que sofre
lonxe d'a casa terreña,
sin ouvir as bateladas
que ceiv'a campá d'a igrexa,
onde a sua dona durme,
sono qu'a morte lle presta;
eilí volvera Xaniño
de mil amores volvera,
trocando a bulla d'o mundo,
pol-as mais irtas restrebas.

[*La Voz Villalbesa*, 2, 17-2-1921]

Lembranzas d'aqueles tempos;²²
ferida levo n-a y-alma,
n-o corazón unha espiña,
espiña que naide saca.

Si pranto non sei verquer,
coida que non me pasa
día que al Señor non pida
n-o Ceo, tua morada.

A coba dond'os teus osos,
sono que a morte separa,
non ten coroas, nin frores,
e solo a Cruz agasalla.

Pr'os grandes os Mausoleos,
para os probes terra basta,
e, pr'o que n-a Cruz espirou,
unha pedra e catro lastras.

[*Vallibria*, 5-10-1930]

²² Asinado en Mondoñedo o 29 de setembro de 1930 cunha nota que indica “Viendo la tumba donde descansan los restos mortales de D. José Castañeda Jurado”. Tamén no tríptico *Evocación a los coristas del Orfeón «Alborada»*, 1952. Nesta última publicación o poema aparece cun engadido na cita: “Viendo la tumba donde descansan los restos mortales de don José Castañeda Jurado, director del extinguido «Orfeón Veiga»”.

Evocación



A los coristas del,
Orfeón "Alborada"

1952

A José Castañeda

*Viendo la tumba donde descansan los
restos mortales de don JOSÉ CAS-
TANEDA JURADO, Director do leva-
llinguido «ORFEÓN VIGOA».*

Lembranzas d'aqueles tempos,
ferida levo n-a y olma,
n'o corazón unha espiña,
espiña que naide saca.

Si pranlo non sei verquer,
non coídes que non me pasa
día que al Señor non pida
n-o Peo, lúa mojada.

A coba dond'os teus osos,
sonó que a morte separa,
non ten coroas nin frores,
e sólo a Cruz agasalla.

Pr' os grandes os mausoleos,
para os probes terra bosta,
e pr' o que n-a Cruz espirou,
unha pedra e cairo lasbras.

† DANIEL PERNAS NIETO
Presbítero

Mondoñedo, 29-9-1930.

Mística

Ponte primero a tí en paz,
y después podrás apaciguar
a los otros.

Kempis

O ceo limpo; o sol escurecido
detrais d'as hirtas cumes s'enfundía;
a milagreira noite
n-a calma mais solemne viña envolta,
pol-o espacio, unha que outra estrela solta
d'as etéreas rexós se desprendía
fixando d'o esquencido
o mundo d'a xusticia qu'eilí mora.

...Vex'o dedo de Dios co'a recompensa
pr'a y-alma d'o que chora,
pr'a y-alma d'o que pensa,
pr'a y-alma d'o que reza,
que s'atopan n-o punto d'a *Grandezza*.

[Hoy, 13, 9-4-1933]

En un album²³

D'aquel borbullo n'ollíño
ferve unha bágoa d'o mar,
e bícall'o sol o seo
 qu'esgaza
doida, doidamente,
a pelra d'unha mañá.

[Hoy, 32, 19-8-1933]

²³ Asinado en Foz, 1933.

Dios t'ampare

Inda de coraxe cheo
cúbrete d'azul o ceo;
enguedellado en escuma
quero verte, mar bravío;
deix'o remol d'aquel río
po-la fereza d'a bruma.

Toleadas: non venero
o teu encanto, mais quero,
montes cubertos de frores,
y-augusta paz d'unh'aldea,
qu'a tod'a túa relea
onde t'amostras, mar fero.

Terás conchiñas preciadas
de riqueza, nacaradas;
o monte ten abrulado
e sabas de garnicelas
e com'a tí ten estrelas
n'outro ceo mais doído.

Ten ferro pr'abril'a terra,
fortes caxigos n-a serra
e d'os seus vales, n-a cunca,
pumaredas e pinares
onde desfollan cantares
amores qu'ácaban nunca.

Troco aquela inmensidá
por un guedello de lá;
ô lombo voume c'o fol;
Dios ch'e conserve a fereza,
quédate n'esa grandeza
co'as boqueadas d'o sol.

[*Vallibria*, 27-8-1933]

Cousas d'un habanero²⁴

Para D. Antonio Escudero,
literato y amigo

Volveo Xaquín d'as Habanas
con dentes e cadea d'ouro
e n-o baúl un tesouro
envolto n-unhas badanas.
—Sin-anda todo al ribés,
traigo centenes a bao,
mas, moito mais qu'el Marqués.
Poido mercar outra ves
el fondello del lugar.
—E si te queres casar?
—Qué, pos logo se vendió?
—Xaora. —Quien lo mercó?
—E qu'e n-o había mercar?
O Marqués.
—Me chafró ese siñor,
en el momento me rajo
y traballarei a destajo
hastra mercar un vapor,
n-él la volta darei axiña
y en la Coruña me caso,
y allí harei el traspaso
del comercio y la casiña.
—I-o vapor?
—Toma, pos el vapor
i-a lo embargará Fariña.

[*La Voz de Ortigueira*, 9-10-1937]

²⁴ Cunha nota que informaba “Del 2º libro *Fala d'as Musas* en preparación”. Días despois aparece tamén, coa mesma aclaración e dedicatoria, en *La Voz de Vivero*, 16-10-1937.

Ano d'a fame²⁵

Vendeo Nadal a Xaneiro
un ano de pest'e fame,
non faltará pechacodas,
perdonavidas o lambe.

Berruguento mal nacido
Azaña, desteta nenos,
Casares, lambe torcidas,
ladrón de bancos o Preto.

Largo pinta demoños,
Osorio, gadoupas negras,
Galarza, coiro de sapo,
Besteiro, pinta cangrena.

Si queredes mais cofrades,
n-unha corda ben atados,
mandareivos a cuadrilla
pra logo ser aforcados.

[*La Voz de Ortigueira*, 23-10-1937]

²⁵ Días más tarde reproduíceo *La Voz de Vivero*, 30-10-1937.

O chairego²⁶

Aposto que aquel chairego
farfantón hastra namais,
ind'há de ter de seus pais
sete onzas n-o seu talego.

Cúmpreme verll'a sua cara
sempre arrogant'e cumprido,
sempre fosco ben erguido
que de trazas non repara.

N-a feira chamberg'ó lado,
e moi rumboso n-as festas
sempre montando boas bestas
sempre alegre, colorado.

Pero que de risas solta
entre aquel corro de mozas,
sin poñer todal'as forzas
reprica que non ten volta.

I-elas fanlle cumprimento
repinicandolle a fala
non'o atestan él non cala,
anque non ll'e sopra o vento.

As doce dan de camiño,
botando mau d'as alforjas
que pra refrescal'as gorxas
leva unha bota de viño.

²⁶ Cunha nota que informaba “Del 2^a libro *Fala das Musas* en preparación”. Coa mesma aclaración e na mesma data, aparece tamén en *La Voz de Vivero*, 6-11-1937.

E pr'ó pé dun castiñeiro,
corre que te corre vai
en compañía de seu pai,
non precisan taberneiro.

Recolle moz'os cachiños,
que non foi tan mal esmorga
si non ten faltas a andorga
n-a casa quedan meniños.

Pes pr'ó mesón, un café,
e cand'o sol xa se deita
sempre torcendo pr'á dreita
ou pr'a esquerda en tente pé.

Erguendo xa de cargumes,
ben cheos de chufar van
con dous xarutos n-a man
i-as bestas que botan lumes.

Ladrand'o can n-a cortiña,
eles a porta chegaron
e par'a cama marcharon
sin deitarse n-a cocíña.

[*La Voz de Ortigueira*, 6-11-1937]

O meu pazo²⁷

Dóiome de vérte, Sol,
tras d'a cum' esmorecido,
e si te ves xa cumprido
vou po-lo mundo c'un fol.

As escuras, sorte miña
i-onde mais cegueir' atope
alí desfarei o lote
e farei unha casiña.

De tarrós, que me namora
e si há de ser cal eu creo,
ver as estrelas n-o Ceo
cando me desperte a aurora.

I-ó pé d'ela, unha fonte
d'auga, mais non de viño,
que si torzo n-o camiño
póidome perder n-o monte.

Arredado d'esta sorte
canto mais lonxe, millor,
que donde finc'a delor
crávame as uñas a morte.

²⁷ Este mesmo poema, tamén dedicado “Para D. Antonio Escudero, literato y amigo”, foi despois publicado na revista *Vida Gallega*, 30-12-1937 coa indicación ao pé “Mondoñedo, 4 octubre del 2º Año Triunfal”. Logo tamén figurou en *El Compostelano*, 4-2-1938 e *Vallibria*, 9-9-1939. Neste último foron suprimidas as estrofas que empezan; “I-ó pé d'ela, unha fonte”, “I-alí, alí de contento”, “Lenturas o Breveario”, “O Kempis, que non precura” e a terceira estrofa foi reescrita: “De lumieira, (que regalo)/ así ha de ser, cal eu creo/ ver as estrelas n-o Ceo/ cando me desperte o Galo”.

I-alí, alí de contento
pois tédel-a miña casa,
que canto mais tempo pasa
mais me lev'o pensamento.

I-á sombra d'algún caxigo
que tamén hei de prantar
hei d'esperar o luar
si non m'enfado conmigo.

Xardín frorido, aspro monte,
veigas que lle brindan frores
e paxariños cantores
i a laberca n-hourizonte.

Leuturas o Breveario,
de Teócrito canto poida,
e farei que non descoida
rezal'o Santo Rosario.

O Kempis que non precisa
d'Heine amores co lixo,
há d'estar sempre fixo
sobre d'a mesa d'un cura.

Testigo d'as miñas penas,
Aquel qu'espírou n-a Cruz,
Aquel que nos deu a luz
e mais a sangre d'as venas.

[*La Voz de Vivero*, 20-11-1937]

Felicidá²⁸

Acougadiña ó pé d'un toxo
sempre tan leda,
sempre sorrindo,
sempre contenta,
naceo probiñ'a
a garnicela.
Cabo d'o toxo
unha laberca
fiz'o seu niño
de verde felga,
non debe a naide
casa cuberta;
sin mais compaña
que unha fontela,
sin outra luz
qu'a d'as estrelas
déitanse cedo
por non ter cea,
nin facer lume
nin ter lareira;
si durmidiños
ambos se quedan
ó son d'o vento
naide'os desperta.
Un sol de Mayo
que fend'as pedras
ven namorado
d'aquelhas veigas,

²⁸ Logo publicada en *La Voz de Vivero*, 19-2-1938 e, con variantes, en *Vallibria*, 18-11-1939 baixo o título “Dichosa manera”. Nesta última versión engade algúns versos finais: “Gota d'orballo/ n-o pico leva,/ (vaia quégota,/ vaia fachenda)/ voa que voa/ sempre tan leda,/ sempre abridada/ d'as almas negras/ que soio teñen/ limos d'a terra”.

i-o paxariño
deixou a felga
pr'a darll-un bico
a frol, n-a testa.

[*La Voz de Ortigueira*, 12-2-1938]

A Mondoñedo

D'unha roseira que frores agasalla
en amoroso biquiño a primadeira
xa ben preto de si con sorrisa meiga
soaves perfumes pol-o Ceo espalla.

Amorosiña sorrisa d'un encanto,
i-é de rula que xa trema n-a pousada
i-é d'anduriña que'aló de lonx'escapa
i-é niño d'amores fillo d'o seu canto.

Pois dúrmete, dúrmete n-o colo d'os teus montes
e n-o berce d'esas veigas que t'abala
dúrmete quediño, que te bic'o Masma
con bagoas cristalinas d'as suas fontes.

Deporonda d'aurora xoia engastada
n-a frol d'o liño, n-os albres, n-a liñeira,
n-a frol d'o toxo, n-as xestas, n-esa veiga
en camposiña de frores esmaltada.

I-é Mondoñedo pombiña delorida
a que debaixo d'as alas tenramente
ós seus fillos agarima n'aquel berce
co-a calor d'a i-alma, co-a calor d'a vida.

Mondoñedo, tí n-acores desleigada
d'os petruciales lares ¿pois qué nos queda?
a que a todos c'o seu manto nos arreda,
a Naiciña d'os Remedeos tan amada.

[*La Voz de Ortigueira*, 12-3-1938]

Volverei, ña dona²⁹

Son os campos de frores mimosas
o soave perfume d'a aldea;
son os montes que bican o Ceo
 orgullo d'a terra
que deitou n-o seu colo a Ruliña,
 a Pomba sinxela,
onde van os eivados pidindo
a saú, desauciados d'a céncea.
Si o poeta mal canta, perdona:
¡Virxen santa d'o Monte, cremencia!
 Fun vela fai tempo,
cando neno gardaba n-a abenza
e choutaba xogando c'os mais
por enriba de saba de felga,
 mimoso leitiño
que cobizo folgado n-a serra,
n-un recuncho d'os hirtos lugares
ond'a Virxe d'o Monte m'espera;
si escabardo pr'a lonxe, inda coido
 volver para vela.

[*El Compostelano*, 24-7-1939]

²⁹ O poema levaba ao pé a indicación xeográfica “Mondoñedo”.

Parola de nenos³⁰

Cariñoso obsequio para
el Catecismo de Villalba

Mingos. —Ceiva a impiedade n-o mundo,
argalla qu'argalla, o demo
enche a presadas as uchas
de pecados, (non conteo);
xa farto de lamber papas,
hei xantar con pan albeiro.

Toño. —Bota, bota po-la cheda,
así ch'e loce o pelexo.

Mingos. —Déixame falar si queres,
has de ser bon compañoiro;
iba decindo que agora...

Toño. —Falemos.

Mingos. —Non me trabuques Toñiño,
mira que sinón arreo.

Toño. —Fala canto queiras, fala,
fala o que queiras, tes tempo.

Mingos. —Pois n'hei falar? Non que logo.
Digo: —Anda o demo ceivo.

Os homes mátanse a tiros,
e todos a tirapelos,
d'o mundo fan un Babel
sin servirlles d'escarmento
boas cardas que levaron
d'a España de Recaredo;
homes sin Fe, sin concénea,
aqueles «cara d'esterco».

Toño. —Falas ben, Minguiños, falas,

³⁰ Asinado en “Mondoñedo, Nadal de 1939. Año de la Victoria”.

pareces un libro vello,
pr' o teñan conta os xudíos
que, naceo xa fai ben anos
n'este mundo Dios d'o Ceo,
pr'a salval'os homes todos,
(os que queiran, por supuesto,
que os que non queiran, xa sabes,
van dreitiños pr' o inferno).

...En probes pallas, despido,
n-o recuncho d'un pesebre
deitab'a Nai ô seu Neno,
mais qu'os Ánxoles, garrido;
pr'o sabes o que fixeron
doentes e desalmados,
aqueles «cara d'esterco»,
foraxidos d'a borralla
pr'a deixalo descuberto
n-a nosa Pátreia querida,
agora n'os nosos tempos?
...Pois, algo moito pior
qu'asar manteiga n-un dedo:
queimal'as igresias todas...

Mingos. —Quén oh?
Toño. —Os que se chamaban antes

garuleiros d'o progreso,
os que zarraban o puño
por ter zarrad'o inteleuto.
...Pr'o xuro que ha de ter casa
esa Estreliña d'o Ceo:
pedra arrinco pr'a facela,
e tí farás de canteiro.

[*Vallibria*, 23-12-1939]

O pazo do noso Señor³¹

(In dedicatione Ecclesiae
Catedr. Mindonien)

Groria de tempos pasados,
testigo, mudo penedo,
hestoria de tempos idos,
pregón de pasado tempo.

Lémbrate de ver erguida
esa testa funeraria,
moura com'os nosos días,
triste com'as nosas i-almas.

Altas torres que non falan...
Paula que levas pr'a lonxe
badaladas de queixumes
que ben te queixas de cote.

Honr'o teu nome Pacheco,
Veiga co'a su'Alborada
desperta n-o mundo enteiro
envexa d'a nosa fala.

Catredal: d'o incens'o fume
vai subindo de releixo
perfume pr'ós Anxeliños
e ledicia par'o Ceo.

³¹ Reproducido como “Diante a catedral” en *Mondoñedo. As San Lucas*, 16-10-1970.

Agardan tempos mellores
as pombas aló n-o bico,
i-eses tempos van pasando
entr'as queixumes, doidos.

A paz que tanto namora,
que n-o mundo non desperta,
piden'a todo'l'os días
que baixe, que baix'a terra.

Catredal: pano de bágoas,
cántas d'os ollos verquín,
cántas veces eu chorei
po-lo que chorabas tí.

Chorei ¡porque choraban!...
aqueila Nai Dolorosa,
i-o que n-a Cruz espirou,
i-os orvalliños d'aurora.

[As San Lucas, 1941]

A romeira³²

Desamparado me vexo;
dádeme casa cuberta,
pois si ten a vida espiñas
tamén ten frores a terra,
qu'as almas d'os ben nacidos
non se lixugan n'aquela.

Chora ti, tamén eu choro,
musa miña, deix'a serra,
cando t'atopes n'a Corda
torce camiño d'a Infesta;
non pónal'os pés n'o chao,
ven lixeira, ven lixeira,
que por moito que t'e limpes
sempre lixugada quedas;
si ch'anoitece no monte
non t'e perdas entr'a nebra
anqu'o pé d'un toxo durmas
ven n'o camiño d'a Infesta,
qu'aquí, chegando ben cedo,
fachendosa e compangueira,
logo che darán pousada
anque veñas en chinelas,
qu'o que companga e s'arrastra
ten as portas sempr'abertas.

Pr'o falo ben —¿ou deliro?
Musa miña, ergue a testa,
i-on'd'a Santiña s'acouga
n'os Remedios, xunt'a feira,

³² O poema figura asinado en Mondoñedo. Con posterioridade reproduciuno o xornal *Las Riberas del Eo*, 13-9-1947.

dálle tres voltas ô adro
erguendo ben a mantela;
volve pr'a tua casiña
despois de cumpril'a ofrenda
que val mais a paz n'os ermos
que val n'a vil'a riqueza.

[*La Voz de Ortigueira*, 25-10-1941]

As greas das San Lucas

Ollo como baixan
as bravías greas
ceibando relinchos
polas carrilleiras.

Ollo como brincan
e danme pena.

Tran nos craros ollos
unhas bágoas tenras
e un cacho de fraga
pra lembrar na ausenza.

Tran un medo novo
e danme pena.

Veñen prás San Lucas
e son fror de feira.
Logo, como as xentes,
irán pra outras terras.

Veñen pra sofrer
e danme pena.

Tamén ás San Lucas
veñen outras *bestas*:
os vellos caciques
pra cobra-las rendas.

Estes, abofellas,
non me dan pena.

[*Amencer*, 15, xaneiro de 1984]

Cacho de groria

Cacho de ceio,
tarta, tartiña
de Mondoñedo.
Fidel raíña
de doce croa.
Cousiña rica,
cacho de groria.
¡Tarta, tartiña!

[*Amencer*, 15, xaneiro de 1984]

Recensións e notas

Fala d'as Musas
de Daniel Pernas Nieto
